

MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA , PARA A APLICACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NA MEDIDA LEADER DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PAC 2023-2027

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

E doutra parte, o Grupo de Desenvolvemento Rural GDR 1 Asociación Terras de Miranda (en adiante, GDR), con sede en Rúa Julia Pardo Montenegro nº 13- 1º. 27740 Mondoñedo. Lugo, e con número de identificación fiscal G27271402 representado por Vidal Martínez-Sierra López, nomeado por acordo da asemblea Xeral do 4 de novembro de 2020 e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 22 dos seus estatutos.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal

Xacobeo  2027





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O 7 de agosto de 2024 as dúas partes asinaron un Convenio de colaboración para a implementación da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR "Asociación Terras de Miranda" e regular a coordinación, control, seguimento e avaliación, así como a delegación de determinadas funcións dos GDR na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) para a implementación das estratexias no marco da intervención Desenvolvemento local participativo 7119_Leader –Subintervención 7119_01 – Implementación EDLP do Plan Estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

SEGUNDO.- Que na implementación das disposicións do Convenio xurdiron dúbidas e problemas de interpretación relacionados coas actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, coas actuacións de cooperación, formación e animación, en particular, polos prazos de solicitude de autorización das actuacións, de execución e de imputación dos gastos, e contías imputables.

TERCEIRO.- De acordo co disposto na cláusula vixésimo terceira do Convenio, este poderá ser modificado de mutuo acordo polas partes, ben a iniciativa propia da Axencia, ou ben por petición motivada do GDR e, sempre que se respecte a normativa que lle resulte de aplicación, mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio ou cláusula modificadora, logo dos informes e autorizacións preceptivas.

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar a modificación do Convenio asinado en data 7 de agosto de 2024, na súa versión consolidada, e de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A presente modificación ten por obxecto esclarecer a aplicación do Convenio asinado, establecendo o contido e a forma na que se teñen que exercer polo GDR e pola Axencia as funcións de adxudicación, xestión, control, seguimento e avaliación das axudas da intervención 7119- Subintervención 7119_01 – Implementación EDLP (Desenvolvemento local participativo Leader) correspondente á PEPAC para o período 2023-2027, no marco da Decisión da Comisión Europea C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022 e modificado, entre outras, mediante Decisión de Execución da comisión C (2025) 8557 final, do 12 de decembro do 2025.

A intervención 7119 "LEADER" execútase no contexto da EDLP elaborada polo Grupo e aprobada mediante a Resolución do 7 de decembro de 2023, que foi rectificada mediante a Resolución do





20 de maio de 2024. A aplicación da EDLP realizarase nos termos do presente convenio e da normativa reguladora recollida no mesmo.

Por outro lado, a intervención 7119 Leader artículase a través das seguintes liñas:

- a) Desenvolvemento de capacidades e medidas preparatorias do apoio ao deseño e a execución futura das estratexias de desenvolvemento local participativo.
- b) Execución de operacións en apoio de terceiras persoas.
- c) Actividades de cooperación.
- d) Formación destinada a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR.
- e) Xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.

O presente convenio detalla as actuacións do GDR na súa dobre condición, tanto de beneficiario como de entidade colaboradora da Axencia na tramitación de axudas a terceiros. Así mesmo, este convenio regulará tamén as obrigas que asume o GDR na súa condición de beneficiario da subvención, nos termos previstos no artigo 8 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto dos fondos públicos vinculado á xestión, seguimento, avaliación, animación, formación e cooperación dos GDRs.

Serán financiáveis dentro da intervención LEADER, segundo establece o PEPAC en consonancia co artigo 34 do Regulamento UE 2021/1060, as seguintes axudas:

- a) Axuda para o desenvolvemento de capacidades e medidas preparatorias do apoio ao deseño e a execución futura das estratexias de desenvolvemento local participativo.
Esta axuda xa foi concedida ás 24 entidades seleccionadas como GDR mediante a Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada mediante a Resolución do 20 de maio de 2024, xa citadas anteriormente.
- b) Axuda para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas.
Esta axuda será obxecto de convocatorias periódicas que realizará a Axencia. As persoas beneficiarias desta axuda, que se distribuirá en réxime de concorrência competitiva, son as entidades públicas de carácter local ou comarcal, as persoas físicas e xurídicas e mais as comunidades de montes en man común e as súas mancomunidades. A dotación orzamentaria de que dispón cada GDR para esta axuda representa o 69% da asignación total da intervención Leader que lle correspondeu a cada GDR.
- c) Axuda para actividades de cooperación.
Os beneficiarios desta axuda son os GDR. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese no Anexo III do presente convenio.
- d) Axuda para a formación destinada a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR.
Os beneficiarios desta axuda son os GDR. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese no Anexo IV do presente convenio.





e) Axuda para a xestión, seguimento e avaliación da estratexia e a súa animación.

Os beneficiarios desta axuda son os GDR. Estes gastos de funcionamento e animación non poderán superar o 25% da contribución pública total á estratexia. O proceso de solicitude, tramitación, aprobación e pago da axuda descríbese nos Anexos V e VI respectivamente, do presente convenio.

As actuacións subvencionadas ao abeiro da intervención Leader do PEPAC de España están cofinanciadas con fondos Feader (o 80%) e coas achegas das Administracións públicas nacionais: A Administración Xeral do Estado (o 16%) e a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (o 4%).

SEGUNDA.- Normativa reguladora

- Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021 polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados
- Regulamento de execución (UE) 2022/1475 da Comisión do 6 de setembro de 2022 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello no que incumbe á avaliación dos plans estratéxicos da PAC e á subministración de información para o seguimento e a avaliación
- Regulamento de Execución (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.
- Regulamento de Execución (UE) 2022/129 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia





de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC.

- Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regula o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas
- Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.
- Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027
- Plan galego de controis, Intervencións PEPAC 2023-2027 – Réxime Feader non SIXC, aprobado o 26 de marzo de 2024.
- Instrución ARX PEPAC 01/2023 sobre Información, Publicidade e Visibilidade.
- Circular de coordinación 44/2025 do Plan nacional de controis das Intervencións de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2023/2027 incluídas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común.

TERCEIRA.- Ámbito xeográfico

A zona de actuación na que o GDR aplicará a Estratexia de Desenvolvemento local participativo (en adiante, EDLP) será a sinalada no Anexo I deste convenio. Calquera modificación deste ámbito xeográfico deberá ser autorizada pola Axencia e obxecto dunha cláusula modificadora do presente Convenio.

A modificación do territorio non dará lugar ao incremento do cadro financeiro do GDR salvo que o incremento se produza por fusión ou absorción entre GDRs.

Como regra xeral o GDR non poderá propoñer ningunha axuda fóra do ámbito territorial do Anexo I deste Convenio, agás no caso de que a consecución dos obxectivos definidos na súa estratexia o requira. Neste suposto o Grupo poderá realizar actuacións de promoción, animación e cooperación fora dese ámbito territorial. En calquera caso, as instalacións e servizos propios dos que dispón o GDR deberán estar emprazados dentro do seu ámbito territorial.





CUARTA.- Principios de actuación

1. De cara a cumprir cos obxectivos e prioridades establecidos no PEPAC 2023-2027 de España e atendendo ao establecido na EDLP do GDR. A actuación do GDR garantirá os principios de colaboración, obxectividade, imparcialidade, eficacia, eficiencia, transparencia, información, publicidade e libre concorrência, os cales veñen determinados por, entre outras, as seguintes principios xerais: igualdade de trato entre as partes interesadas na xestión da estratexia e entre as persoas promotoras das actuacións, a través dos seguintes principios:
 - Colaboración, entre os distintos organismos implicados, coa cidadanía en xeral e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertencen ou non ao GDR, así como cos demais GDR.
 - Coordinación, coas partes interesadas do territorio na xestión da estratexia e coa Axencia.
 - Obxectividade, mediante a fixación previa dos procedementos de xestión e os criterios de selección de operacións e de baremación da intensidade da axuda, e a adecuada motivación da resolución de concesión ou denegación.
 - Seguimento de conflitos de interese e garantía de imparcialidade na toma de decisións. En canto a que se adopten as medidas oportunas para evitar ou xestionar adecuadamente posibles conflitos de intereses, para o que se seguirán as indicacións ofrecidas respecto diso polo organismo pagador.
 - Eficacia, en canto a que os acordos e actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da Estratexia, cuantificando os seus resultados e analizando as posibles consecuencias que poidan derivarse.
 - Eficiencia. Actuarase co menor custe posible a fin de lograr o maior beneficio económico, social ou ambiental.
 - Transparencia, materializada en ausencia de acordos ocultos, de decisións non formalizadas documentalmente e de contabilización de gastos distintos dos preceptivos; no mantemento dun sistema contable aberto á fiscalización e permanentemente actualizado; na conservación dos expedientes completos e na formalización expresa das capacidades, as delegacións e as competencias, así como de calquera acordo ou decisión procedemental.
 - Publicidade, posta a disposición da cidadanía dos resultados dos procedementos de xestión e criterios de valoración dos proxectos. Actualización das bases de datos e información a disposición da cidadanía, e publicidade de todo acto, actuación e actividade que se desenvolva.
 - Libre concorrência, non se imporá ningunha limitación adicional ás establecidas nas leis tanto para o outorgamento das axudas como para a contratación de recursos humanos, medios materiais ou servizos.





- Non discriminación, de xeito que non se produzan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GDR para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
 - Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sostible.
 - Respecto ás normas. Actuarase con absoluto respecto á normativa reguladora, tanto a comunitaria, nacional ou autonómica, como calquera outra que por razón da actividade e a materia sexa preciso aplicar.
 - Moderación de gastos. Minimizaranse os gastos de funcionamento e asegurase a orientación ao logro dunha mellor execución das actuacións produtivas naquelas iniciativas de carácter xeral que non teñan alcance produtivo directo.
 - Interlocución local. Asegurarase un contacto permanente e aberto coa cidadanía, as organizacións, institucións e a sociedade en xeral nos territorios de actuación, analizando as súas propostas e incorporando as súas suxerencias.
2. O GDR facilitará a difusión, mediante a colocación nos seus taboleiros de anuncios e/ou a inserción nas súas publicacións e páxinas web, de cantos documentos, convocatorias, concursos ou anuncios garantan o cumprimento dos principios indicados no apartado anterior.

QUINTA.- Execución da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo. Normativa de aplicación.

Para a execución da estratexia o GDR deberá axustarse ao disposto no presente Convenio de colaboración e a:

- O Plan Estratéxico da PAC 2023_2027 (PEPAC) de España para a axuda da Unión financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, foi aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022 e modificado, entre outras, mediante Decisión de Execución da comisión C (2025) 8557 final, do 12 de decembro do 2025.
- As previsións orzamentarias que se prevén no Anexo II deste Convenio.
- As bases reguladoras que se establezan para as axudas Leader de Galicia correspondentes ao PEPAC 2023-2027 en favor de terceiras persoas. Calquera outra directriz, orientación, circular ou normativa comunitaria, nacional ou rexional que lle sexa de aplicación. En particular, terán especial atención no cumprimento, propio e polas terceiras persoas promotoras distintas do GDR, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Estratexia de Desenvolvemento local Participativo seleccionada para o GDR.





SEXTA.- Funcións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

1. As funcións da Axencia son as seguintes:

- Ditar as instrucións relativas ao funcionamento e xestión da intervención 7119 "LEADER" do PEPAC 2023-2027, garantindo o cumprimento da normativa reguladora, tanto a derivada dos regulamentos comunitarios, como a propia de carácter nacional ou rexional.
- Asegurar a correcta aplicación da intervención 7119 "LEADER" do PEPAC 2023-2027, realizando os controis administrativos dos expedientes propios do Grupo, e supervisando os controis que o Grupo na súa condición de entidade colaboradora desenvolva das mesmas.
- Elaborar e aprobar, segundo proceda, os modelos de impresos normalizados de xestión de axudas e seguimento, instrucións, circulares, recomendacións, aclaracións e outros documentos de traballo.
- Aprobar as bases reguladoras. Validar e facer públicos os criterios de selección aprobados polo Grupo, de acordo á normativa.
- Aprobar e publicar as convocatorias de axudas.
- Aprobar e publicar as resolucións de concesión de subvencións a terceiros.
- Realizar a comunicación das axudas concedidas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e calquera outra comunicación que poida ser obrigatoria tanto nacional como rexional.
- Informar, formar e asesorar aos equipos técnicos do Grupo.
- Realizar controis relativos ao funcionamento do Grupo.
- Asegurar a suficiencia financeira do Grupo, de acordo co sinalado no presente convenio.
- Habilitar os instrumentos e ferramentas informáticas precisas para aplicar a intervención 7119 "LEADER" do PEPAC 2023-2027.
- Adoptar as decisións precisas para arbitrar solucións e resolver conflitos que no desenvolvemento da intervención 7119 "LEADER" del PEPAC 2023-2027 poidan presentarse, preferentemente no marco da Comisión de Seguimento do convenio.
- Tramitar os expedientes de revogación e, no seu caso, reintegro de subvencións concedidas ao abeiro das convocatorias de axudas LEADER.
- Xestión e control financeiro da intervención.
- Aprobación, no seu caso, dos anticipos descritos neste convenio.
- Comprobación da elixibilidade das operacións.
- Garantir o cumprimento dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación
- Garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e autonómica.
- Aplicar medidas antifraude, eficaces e proporcionadas e manter a necesaria cooperación co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude, a autoridade de xestión rexional e nacional e outras autoridades responsables dos procedementos.





2. A Axencia poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a coordinación das actuacións e outros aspectos que axuden á correcta aplicación da EDLP. A sinatura destes instrumentos deberá ser tida en conta polo GDR no exercicio das súas funcións.

SÉTIMA.- Funcións e obrigas do GDR como entidade colaboradora

1. O GDR como entidade colaboradora da Axencia na xestión da estratexia de desenvolvemento local seleccionada, asume as seguintes funcións e obrigas específicas:
 - As tarefas establecidas no artigo 33.3 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento e do Consello, do 24 de xuño de 2021, agás a sinalada no apartado c) que por razóns de eficacia, eficiencia e experiencia previa na elaboración e publicación de convocatorias de estratexias de desenvolvemento local participativo que serán encomendadas polo GDR á Axencia dentro do marco de colaboración do presente convenio.
 - Promover a dinamización territorial e a mobilización social.
 - De acordo co disposto no artigo 33 do Regulamento (UE) 2021/1060, o GDR aplicará o procedemento e os criterios de selección propostos polo GDR e aprobados pola Axencia e procederá á selección das operacións e á determinación do importe da axuda, baseándose nas bases reguladoras para a xestión das axudas a terceiras persoas que para estes efectos se elaboren pola Axencia Galega de desenvolvemento rural e se publiquen no Diario Oficial de Galicia (DOG).
 - Integrarse nas redes de GDRs, a nivel rexional, nacional ou da UE.
 - Promover a valorización do medio rural, en xeral, e do seu territorio en particular.
 - Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.
 - Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GDR. Estas oficinas estarán identificadas mediante un cartel ou placa que recolla os requisitos establecidos no anexo II e III do Regulamento de execución (UE) 2022/129 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, sen que poida ser confundido con ningunha outra dependencia administrativa ou empresarial e o artigo 50.1 do Regulamento (UE) 2021/1060.
 - Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da EDLP sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela.
 - Informar ás terceiras persoas que poden acceder ás axudas da intervención Leader sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algunha axuda con cargo á estratexia, entre as que se atopa a obrigatoriedade de levar unha contabilidade separada para o financiamento que se perciba con cargo ao fondo Feader, das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que puidesen derivar de responsabilidades para os solicitantes das axudas, así





como sobre a forma de xustificación do cumprimento das condición para a concesión das subvencións e dos requisitos para a verificación desta.

- Tramitar de xeito dilixente os expedientes, dende que o promotor presente a solicitude diante do GDR ata que este lle traslade á Axencia a decisión sobre a selección, a proposta ou documentación de que se trate.
- Realizar o tratamento físico dos datos de carácter persoal que teña rexistrados en calquera tipo de soporte físico, por mor da súa actividade de entidade colaboradora na xestión da estratexia, en función do disposto na cláusula décimo novena deste convenio.
- Comprobar o cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos de visibilidade, transparencia e comunicación establecidos no Regulamento (UE) 2021/1060.
- Seleccionar proxectos con cargo ao orzamento máximo dispoñible, para dar cumprimento á estratexia de desenvolvemento local.
- Levantar acta de non inicio dos proxectos, realizar as actuacións de seguimento e control das actuacións subvencionados e comunicarlle á Axencia calquera incidencia ou irregularidade.
- Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre actuacións produtivas e non produtivas.
- Ter en conta o disposto no manual de procedemento da intervención Leader de Galicia 2023-2027, que elabore a Axencia así como as actualizacións do mesmo.
- Elaborar, con base no manual de procedemento da intervención Leader aprobado pola Axencia, o seu propio manual de procedemento o cal recollerá o procedemento exacto de tramitación das axudas Leader tramitadas ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local. O manual propio do GDR deberá ser remitido á Axencia para a súa aprobación.
- Comunicarlle á Axencia, para a súa autorización, todas as reprogramacións da estratexia de desenvolvemento local, así como as modificacións de calquera norma interna do GDR relacionada coa xestión da estratexia.
- Comunicarlle á Axencia, no prazo do mes seguinte a terse producido, as variacións na escritura de constitución, estatutos, regulamento de réxime interior, composición dos órganos de decisión do GDR, enderezo, correo electrónico, xerente e outros datos similares referidos ao GDR.
- Proporcionar á Axencia, á autoridade de xestión rexional do PEPAC e/ou aos avaliadores designados por esta, toda a información relacionada coa súa xestión na intervención Leader que sexa necesaria para realizar o seguimento e a avaliación desta.
- Utilizar a ferramenta informática específica que, para os efectos da xestión da intervención Leader, poña a Axencia a disposición do GDR.
- Comunicar á Axencia, calquera proposta de modificación plantexada polo GDR das normas para a xestión da estratexia, en especial dos criterios de selección e de priorización de proxectos (baremos e regras de asignación de axudas), que deberá ser aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral da Axencia.





- Obriga de facilitar a información detallada no regulamento de execución (EU) 2022/1475 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2115 no que se incumbe á avaliación dos plans estratéxicos da PAC e a subministración de información para o seguimento e avaliación, no que se detalla no seu ANEXO VII as "normas relativas aos datos sobre os GAL e as súas actividades no marco Leader".
- Destinar exclusivamente á execución da intervención 7119 LEADER, os fondos que reciba da Axencia, no marco do presente convenio de colaboración.
- Asegurar a pista de auditoría das operacións incluídas no presente convenio respecto de outras que con outras institucións ou fondos puidera, no seu caso desenvolver.
- Velar polo cumprimento da normativa sobre conflito de intereses en todas as súas actuacións.
- Calquera outra circunstancia que favoreza o desenvolvemento local participativo para a correcta execución da estratexia nas zonas rurais.

OITAVA.- Funcións e obrigas do GDR como entidade beneficiaria da subvención

1. O GDR, na súa condición de beneficiario dunha subvención, deberá facilitar á Administración autonómica, estatal ou comunitaria a información que esta solicite sobre a actuación subvencionada, conforme ao artigo 46 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e ao artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Someterse ás medidas de control e fiscalización que leve a cabo a Axencia, así como ao control financeiro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou doutros órganos de control nacionais ou comunitarios.
3. Xustificar a realidade dos gastos ou investimentos realizados mediante os documentos correspondentes nos prazos e condicións que se determinen nestas bases e nas convocatorias, facilitando o acceso dos técnicos para a comprobación material dos investimentos realizados.
4. Conservar os documentos xustificativos en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control.
5. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, xunto cos seus intereses de demora, nos supostos previstos na normativa aplicable.
6. Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións subvencionadas.
7. Proporcionarlle á Autoridade de xestión rexional, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegara, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación completa das actuacións.
8. Con carácter xeral, os bens subvencionados quedarán afectos á operación subvencionada un mínimo de cinco anos desde a resolución do pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes. No caso de que se subvencionen gastos dos





que resulten estudos, publicacións ou outros de natureza similar, garantirase o acceso de calquera interesado ao seu contido durante un período mínimo de tres anos contados desde a data da resolución do pagamento final do expediente. Neste senso, a Axencia poderá en calquera momento requirirle ao beneficiario que facilite a súa entrega coa finalidade da publicación na web da Axencia.

9. Calquera outras obrigacións impostas aos beneficiarios na normativa comunitaria, nacional ou autonómica aplicable.
10. Asemade, nos termos previstos no artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asume as seguintes funcións e obrigas específicas:
 - Executar as actividades da intervención 7119 - Subintervención 7119_01 - Implementación EDLP do PEPAC e xustificar os gastos correspondentes á xestión, seguimento, avaliación e animación dos GDRs.
 - Promover e/ou participar en actuacións de cooperación transnacional e nacionais fóra e dentro de Galicia.
 - Someterse ao plan de controles Feader que lle sexa de aplicación á estratexia Leader 2023-2027, ás actuacións de comprobación da Axencia e de control financeiro. Así como, a calquera outra actuación de control/inspección que proceda desenvolver por calquera organismo nacional ou comunitario.
 - Aplicar ás regras de información e publicidade sobre as axudas do Feader, e realizar divulgacións das actuacións desenvolvidas no marco da estratexia de desenvolvemento local, sen prexuízo da aplicación da Instrución ARX PEPAC 01/2023 sobre Información Publicidade e Visibilidade.
11. Na composición do GDR rexerá o principio de portas abertas, tal como se recolle no artigo 5 da Resolución do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 da Axencia.
12. O incumprimento das funcións e obrigas asumidas polo GDR, tanto na súa condición de entidade colaboradora como na súa condición de beneficiario da subvención, poderá dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas. Así mesmo, o citado incumprimento poderá supoñer o non incremento dos fondos destinados aos gastos en custes correntes ou de funcionamento, e en casos de grave irregularidade, a resolución do convenio e a conseguinte perda polo GDR da condición de entidade colaboradora na xestión do programa.
13. Para a xustificación dos gastos obxecto destas axudas, será esixible, en función do tipo de gasto imputado, a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aos GDRs pola súa condición de poderes adxudicadores que non teñen a condición de Administración Pública.
14. Os gastos de publicidade só serán subvencionables se indica claramente na páxina de portada a participación da Unión Europea e da Axencia. Incorporarán o logotipo Leader e





os das entidades financiadoras: Consellería do Medio Rural, Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación e Feader, segundo o disposto no artigo 50, Regulamento (UE)2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24/06/2021 e nos anexos I e III do Regulamento de execución (UE) 2022/129 da Comisión do 21/12/2021. No caso de que esta información se ofrezca por medios dixitais, audiovisuais ou por radio , aplicarase por analoxía o parágrafo anterior deste apartado. Os sitios web deberán mencionar a contribución do Feader e da Axencia polo menos na páxina de portada e incluír o vínculo ao lugar da Comisión Europea dedicado ao Feader e á páxina web da Axencia.

15. Para os ingresos, o GDR utilizará unha única conta bancaria. Ademais o GDR levará os libros e rexistros contables específicos para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

NOVENA.- Xestión das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas.

A intervención 7119 Leader, inclúe operacións relacionadas con terceiros de carácter produtivo ou non produtivo como resultado de ser beneficiarios de subvencións nas correspondentes convocatorias. A súa execución adaptarase ás bases reguladoras e ás convocatorias, que serán elaboradas, aprobadas e publicadas pola Axencia.

DÉCIMA.- Xestión das axudas para actividades de cooperación, das axudas para a formación destinada a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio, e das axudas para a xestión, o seguimento, avaliación e difusión da estratexia.

Nas axudas para actividades de cooperación, nas de formación destinada a incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio, así como nas de xestión, seguimento, avaliación e difusión da estratexia, o GDR terá a consideración de beneficiario.

A xestión destas axudas descríbese detalladamente nos Anexos III a VI do presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Asignación financeira

1. A dotación asignada ao GDR para a execución da súa estratexia de desenvolvemento local participativo (en adiante, EDLP) ata o 30/12/2027 é de **(dous millóns sesenta mil novecentos noventa e dous euros e trinta e catro céntimos (2.060.992,34 €))** (incluído o importe programado para operacións a favor de terceiras persoas e a axuda a favor do GDR) con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 2024 14 A1 712A 781.00 proxecto 2024-00008 "gastos de funcionamento e animación dos Grupos de Desenvolvemento Rural".





Dita dotación poderá variar como consecuencia de reprogramación entre intervencións do PEPAC Galicia 2023-2027, reprogramacións da EDL do GDR, da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR, do incumprimento da regra n+2 ou doutros supostos similares.

2. As cantidades que, como achega financeira das distintas administracións nacional e rexional, se concedan ao GDR para execución da EDLP computaranse como parte da aportación económica que estas Administracións realizan á intervención 7119 Leader-Subintervención 7119_01 – Implementación EDLP para Galicia da PEPAC.
3. Para a execución da EDLP tomarase como referencia a contribución dos fondos comunitarios e das distintas administracións xunto coa aportación dos promotores dos proxectos.
4. Para o conxunto de actividades de costes de xestión, seguimento e avaliación das estratexias e a súa animación financiados con cargo á intervención Leader, o GDR non poderá destinar máis do 25% da contribución pública total á EDLP segundo se establece no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021. No caso de superar esta porcentaxe procederá o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.
5. Para o ámbito da cooperación Leader, prevese unha porcentaxe de polo menos o 5% sobre a dotación global asignada ao GDR, en función do disposto nos artigos 22.2 da resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 (DOG núm. 89, do 10 de maio de 2023).
6. Para as actividades de formación promovidas polo GDR coa finalidade de mellorar a capacitación para o emprego tanto por conta propia como por conta allea da poboación activa do seu territorio, prevese unha porcentaxe máxima do 1% sobre a dotación global asignada ao GDR, en función do disposto nos artigos 34.2 da resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027 (DOG núm. 89, do 10 de maio de 2023).
7. Poderanse conceder anticipos da acordo co estipulado na cláusula décimo sexta do presente convenio.
8. A distribución da asignación financeira, por anos e fontes de financiamento, inclúese no Anexo II deste convenio.
9. Calquera modificación dos cadros financeiros do Anexo II terá que ser incorporada no presente convenio mediante addenda e cláusula que se modifique. A execución orzamentaria da asignación financeira por anualidades realizarase conforme a especificada no Anexo II do presente convenio.





10. Cando o GDR non tivera comprometidos o 100% dos fondos concedidos dentro de cada anualidade e tipoloxía de proxectos, perderá o dereito ao crédito sen que poida recuperalo en anualidades futuras. Estes fondos poderán repartirse entre aqueles GDR que tivesen comprometido o 100% da axuda concedida dentro da anualidade corrente e por tipoloxías de proxectos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Intereses xerados polos fondos

Os intereses xerados polos fondos comunitarios e polas dotacións achegadas polas administracións nacionais deberán destinarse a actividades conformes coa EDLP, en forma de achega privada do GDR.

DÉCIMO TERCEIRA.- Medios materiais e persoais

1. O GDR poderá adecuar os medios materiais e persoais destinados á xestión da súa EDLP en aras dunha maior eficacia e eficiencia dos recursos públicos.
2. En particular, para a correcta aplicación da EDLP e para o cumprimento das súas funcións, o GDR deberá dotarse ou estar dotado dos medios persoais e materiais axeitados, para o cal poderá realizar gastos de funcionamento conforme ao previsto neste convenio.
3. As contratacións do equipo xestor que o GDR leve a cabo, axustaranse ás seguintes regras:
 - a) A relación entre o GDR e o persoal terá carácter laboral, non mercantil.
 - b) A selección do persoal do GDR deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:
 - A convocatoria de selección deberá ser publicada na edición escrita do xornal de maior tirada na zona de actuación do GDR ou na súa provincia, non sendo suficiente a publicidade da convocatoria realizada unicamente nas páxinas da sección local do xornal. Ademais, a convocatoria deberá ser publicada na páxina web e nas redes sociais do GDR e na páxina web da Axencia, para o cal se lle enviará unha comunicación do anuncio.
 - Apertura dun prazo de polo menos 20 días naturais para a presentación de solicitudes, que empezará a contar dende a publicación nos medios indicados no punto anterior.
 - Realización dun procedemento selectivo, que constará das seguintes partes: A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR; B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo; e C) Méritos, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
 - Non se poderán esixir titulacións específicas para os postos que se convoquen. Non obstante, será factible a inclusión, no apartado de méritos, de formación específica vinculada ao desenvolvemento rural, a coñecementos económico-financeiros e/ou a coñecementos de ofimática ou administrativos.





- Na comisión de selección poderá estar presente un representante da Axencia con voz e sen voto.

c) As contratacións para coberturas de carácter temporal (proxectos de cooperación, baixas por IT, permisos por maternidade/paternidade...) poderán cubrirse presentando unha oferta na oficina pública de emprego que corresponda.

4. As características dos postos de traballo que poida contratar o GDR serán as seguintes:
 - Xerente ou máximo responsable técnico da estratexia. Titulación mínima: grao ou título universitario equivalente.
 - Técnico. Titulación mínima: grao ou título universitario equivalente.
 - Administrativo. Titulación mínima: bacharel ou equivalente para efectos académicos /FP I.
5. As características dos postos de traballo que se poidan contratar para a execución das actuacións de cooperación responderán ás seguintes características:
 - Técnico/a. Titulación mínima de grao ou titulación universitaria equivalente. Salario bruto máximo imputable ao proxecto de cooperación para un contrato de traballo a tempo completo (37,5 horas semanais): 31.500,00 €/ano.
 - Administrativo/a. Titulación mínima de bacharel ou equivalente para efectos académicos. Salario bruto máximo imputable ao proxecto de cooperación para un contrato de traballo a tempo completo (37,5 horas semanais): 24.500,00 €/ano.

En caso de que a xornada sexa menor, as retribucións establecidas anteriormente reduciranse de maneira proporcional ao tempo dedicado ao proxecto de cooperación.

6. As persoas seleccionadas farán unha declaración na cal conste que non están incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.
7. O xerente ou máximo responsable técnico da estratexia terá dedicación exclusiva ao GDR e non desempeñará cargos electos nos órganos do mesmo.
8. O persoal técnico (non xerente) e administrativo poderá seleccionarse de maneira conxunta entre varios GDR e por conseguinte prestar os seus servizos a tempo parcial para cada un deles, en función dos contratos que regulen a súa relación laboral. En ningún caso a suma do salario bruto que perciba este persoal seleccionado de maneira conxunta poderá superar os límites salariais máximos establecidos nos apartados anteriores.
9. A subscrición deste convenio non supón ningún tipo de relación xurídica entre o persoal do GDR e a Axencia.





DÉCIMO CUARTA- Contratación de asistencias técnicas por parte do GDR.

O GDR poderá levar a cabo a contratación de servizos ou asistencias técnicas, non obstante, estas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables.

DÉCIMO QUINTA.- Control financeiro.

O GDR, na súa condición de entidade colaboradora da Axencia, deberá cumprir as disposicións comunitarias de control establecidas no Regulamento (UE) nº 2021/2116, do Parlamento e do Consello, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 e outras normas que o desenvolvan. Así mesmo, deberá cumprir as disposicións establecidas na normativa española sobre a PAC 2023-2027 tales como a Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas, o Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común e o Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027, cumprindo en todo caso as disposicións das Circulares de control do Fondo Español de Garantía Agrícola (en diante "FEGA") que lles afecten.

O GDR someterase ás actuacións de comprobación que, respecto da colaboración na execución da EDLP e da xestión dos fondos asignados, poida efectuar a Axencia, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, nacionais como comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida en relación ao exercicio das funcións que lle corresponden.

O GDR responsabilizarase da realización dos controis administrativos sobre as solicitudes de axuda e de pago das persoas físicas ou xurídicas distintas do GDR promotoras de proxectos subvencionados por Leader, para asegurar a subvencionalidade, a legalidade e a regularidade das operacións financiadas.

Sen prexuízo do indicado no apartado anterior, o GDR queda sometido ao control e verificación, en canto á xestión das axudas, da Comisión Europea e da Consellería a través da Autoridade de Xestión rexional, así como ao control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado e á fiscalización do Consello de Contas, así como á Intervención Xeral da Xunta. Igual sometemento a control terán as entidades promotoras de proxectos subvencionados, debendo o GDR comunicar a aquelas devandito sometemento, cuxa aceptación será condición para o goce da axuda.





O GDR deberá conservar e, no seu caso, poñer ao dispor dos organismos sinalados no apartado anterior, os libros de contabilidade e todos os documentos xustificativos referidos aos gastos realizados e á efectividade do pago, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Durante os cinco anos seguintes ao último pagamento de gastos vinculados a execución da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá conservar e, de ser o caso, poñer á disposición dos órganos sinalados anteriormente, a documentación administrativa, os libros de contabilidade e todos os documentos xustificativos referidos aos gastos realizados e á efectividade do pagamento polos titulares dos proxectos subvencionados, sen prexuízo do establecido no Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.º 1306/2013.

O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Axencia, pola Autoridade de Xestión rexional do PEPAC, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas e polos organismos comunitarios que correspondan, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO SEXTA.- Anticipos e garantías e pagamentos a conta.

Segundo o establecido no artigo 44.3 do Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 (Regulamento Horizontal) poderán concederse pagamentos anticipados aos GDR de ata o 50% do orzamento dispoñible en cada unha das anualidades nas que estean distribuídos os fondos da intervención Leader de Galicia correspondente á PEPAC 2023-2027, nos que o GDR sexa a entidade beneficiaria da subvención.

Neste senso, o GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, sen que se exceda a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, respecto dos gastos na xestión, seguimento e avaliación da estratexia e dos gastos en animación e promoción territorial, así como con respecto aos gastos de formación e de cooperación Leader. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta e nos pagamentos anticipados que poida percibir en relación cos citados gastos.

A xustificación desta cantidade anticipada efectuarase previa revisión da documentación aportada e verificación do cumprimento de requisitos, polos técnicos competentes da Axencia.

En todo caso, as normas e procedemento de execución financeira e pago das axudas comunitarias obxecto do presente Convenio, son as recollidas nas disposicións comunitarias de carácter horizontal que lle sexan de aplicación segundo determine a autoridade competente.





A colaboración prevista neste convenio non se estende á entrega e xustificación dos fondos aos beneficiarios das axudas polo que, ao abeiro do artigo 65.1) e 2) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, non se considera necesaria a constitución de garantía.

DÉCIMO SÉTIMA- Prevención, detección e corrección de irregularidades. Penalizacións.

En virtude do disposto no Regulamento (UE) nº 2021/1060, no Regulamento (UE) nº 2021/2116, así como na Lei 30/2022 e os Reais Decretos 1047/2022 e 147/2023, as partes asinantes do presente Convenio obríganse a adoptar as medidas necesarias para a prevención, detección e corrección de irregularidades na aplicación das dotacións financeiras.

O GDR comunicará á Axencia todas as irregularidades ou incumprimentos detectados na aplicación da estratexia, no momento en que sexan coñecidas polo mesmo.

Se a realización dun proxecto non xustifícase, en todo ou en parte, a contribución financeira aprobada, o GDR informará minorando a certificación ou propoñendo o reintegro da axuda.

Corresponde á Axencia o inicio do procedemento de recuperación dos pagos indebidos de acordo coa normativa aplicable. Tamén lle corresponde a actualización e mantemento do rexistro de debedores, a comunicación ao organismo pagador dos fondos recuperados, así como a comunicación ao organismo coordinador das irregularidades detectadas para poñelas en coñecemento das institucións competentes da Unión Europea, tal como establece a normativa vixente e os procedementos establecidos.

As Administracións que financian o programa poderán reducir, reter ou suspender, de forma cautelar ou definitiva, a contribución destinada ao desenvolvemento da iniciativa por existencia dalgunha irregularidade, ou dunha modificación importante, que afecte á natureza ou ás condicións da intervención, actuación ou proxecto, para a que non se houbese solicitado a súa aprobación ao órgano que, en cada caso, corresponda.

En caso de grave irregularidade, tanto na xestión como no control das actuacións e/ou proxectos do GDR, nas que se evidencie un risco certo para o fondo Feader, a Axencia poderá acordar a posta en funcionamento dun Plan de Acción Específico para o grupo e no seu caso a perda da condición de GDR.

No procedemento de reintegro terá a consideración de interesado o GDR ou o promotor, en función de quen sexa o beneficiario (destinatario final) da subvención indebidamente percibida.

DÉCIMO OITAVA.- Sistema de elaboración de informes. Indicadores de seguimento.

1. Durante a aplicación deste Convenio, ao final de cada ano natural, o GDR realizará un informe anual das actuacións realizadas, incluíndo como mínimo a seguinte información:
 - a. Descrición dos proxectos levados a cabo, diferenciando cada unha das liñas de actuación, as axudas con proposta de aprobación e as certificacións tramitadas, por fonte de





financiamento, grao de desenvolvemento das actuacións e o seu impacto e, en xeral, de todos os indicadores físicos e financeiros necesarios co fin de avaliar o programa.

- b. Indicación do cumprimento das obrigacións establecidas pola normativa reguladora da intervención, de acordo con os criterios de autorización que establece o Regulamento (UE) nº 2021/1060.
 - c. Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral
 - d. Relación actualizada de membros do GDR.
 - e. Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas realizadas.
2. O informe anual ao que se refire o apartado anterior tense que presentar á Axencia, como máximo, seis meses despois de finalizar o ano natural. Corresponde a sinatura do documento ao presidente/a e xerente do GDR.
 3. En calquera caso, o informe anual ao que se refiren os apartados anteriores ten que conter a información correspondente ao período de que se trate e a acumulada desde o comezo do período.
 4. O incumprimento do disposto nos apartados anteriores pode dar lugar á suspensión temporal dos pagos pendentes ata que os informes requiridos sexan enviados.
 5. No caso de que fagan falta informes adicionais, para os cales non se dispoña dun modelo específico, hai que considerar que:
 - a) Os informes terán que ser completos e adecuados á súa finalidade. Terán que conter unha parte expositiva e outra de argumental, que transmita a información solicitada. Esta información terá que permitir a toma de decisións por parte do solicitante do informe e deberá conter un apartado de conclusións, que reflectirá ordenadamente as deducións feitas como consecuencia do traballo descrito no núcleo do informe.
 - b) En caso de que sexa solicitado, ou de que o emisor do informe o considere adecuado, poderase incluír no documento un apartado de recomendacións. As recomendacións manifestarán, de maneira concisa, algunha acción futura que pareza necesaria como resultado directo das conclusións alcanzadas.
 - c) Na última parte do informe presentaranse, se procede, os anexos, con toda aquela información accesoria non incluída no corpo central do informe.
 6. O GDR terá que facilitar toda aquela información en materia de seguimento e avaliación do PEPAC 2023-2027 co fin de poder cumprir co establecido nos artigos 28 ao 34 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, relativo á axuda ao desenvolvemento local participativo a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).





DÉCIMO NOVENA.- Obrigas do GDR como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

1. De conformidade cos artigos 12 e seguintes da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD-GDD), e no capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GDR comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Axencia na aplicación da EDLP, e no marco da PEPAC 2023-2027:
 - a. O GDR actuará como encargado do tratamento, polo que deberá asinar coa Axencia, responsable do citado tratamento, o correspondente acordo de seguridade da información e protección de datos na prestación de servizos con terceiros.
 - b. Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión da estratexia Leader e atender ás instrucións da Axencia ao respecto.
 - c. Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.
 - d. Respetar e darlle traslado ao persoal que interveña no tratamento da súa obrigaón de segredo profesional nos termos previstos no artigo 5 da LOPD – GDD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GDR coa Axencia.
 - e. Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GDR garántelle á Axencia que todos os seus empregados, así como os traballadores externos, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.
 - f. No caso de que o GDR destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido, eximindo expresamente á Axencia acerca de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obrigaóns impostos pola LOPD e a súa normativa de desenvolvemento.
2. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

VIXÉSIMA- Outras obrigas e responsabilidades do GDR.

- O GDR deberá comprometerse a destinar as dotacións financeiras asignadas exclusivamente ao cumprimento da Estratexia.
- Serán de aplicación as reducións da asignación financeira global do GDR por incumprimento de procedementos, así como as penalizacións por non manter as condicións para ser GDR nos termos que se determinen na correspondente Resolución para a aplicación das penalizacións contempladas no Real Decreto 147/2023, do 28 de





febreiro, á que se fai referencia na disposición final primeira da orde de normas e requisitos.

- O GDR, no desempeño das súas funcións como entidade colaboradora asume o Código ético e de conduta para a xestión de fondos agrícolas europeos. Así mesmo, deberá cumprir as Estratexias de conflito de intereses, antifraude e de moderación de custos na xestión de fondos agrícolas europeos.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- Duración.

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa firma e permanecerá vixente ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo da posibilidade de prórroga conforme o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O GDR non poderá disolverse ata transcorridos cinco anos despois do último pagamento realizado no marco da EDLP, salvo que o GDR garanta previamente á Axencia, a través de calquera medio admisible en dereito, o cumprimento as responsabilidades contraídas.

VIXÉSIMA SEGUNDA.- Resolución.

1. Este Convenio poderá rescindir-se de mutuo acordo entre as partes.
2. En caso de grave irregularidade do GDR no exercicio das súas funcións, a Axencia acordará a resolución do convenio e a perda do GDR da súa condición de entidade colaboradora, que se tramitará respectando os principios aplicables no procedemento sancionador. Para estes efectos considéranse irregularidades graves:
 - Ausencia ou atraso inxustificado na tramitación de expedientes.
 - Tramitación e/ou selección de proxectos de xeito negligente ou arbitrario.
 - A non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GDR.
 - Ausencia de difusión da estratexia na comunidade local.
 - A non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Axencia como consecuencia das función desta de seguimento do programa.
 - A perda polo GDR das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora e o incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.
3. A resolución do convenio suporá que o GDR perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir axudas vinculadas á medida Leader, sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos fondos e a imposición de sancións segundo o disposto na Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia e na lexislación comunitaria de aplicación que se relaciona na cláusula segunda deste convenio. Con carácter previo poderán adoptarse medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.





4. Os proxectos promovidos polo GDR que se estean executando nese momento deben de rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.
5. En caso de disolución do GDR ou cando non precise os equipamentos adquiridos con cargo aos fondos da intervención Leader, destinaranse estes equipamentos a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento local no territorio do GDR ou que persigan fins similares.
6. Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GDR poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixan as irregularidades cometidas.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- Modificación do convenio.

O presente Convenio poderá ser modificado de mutuo acordo polas partes, ben a iniciativa propia da Axencia ou ben por petición motivada do GDR e, sempre que se respecte a normativa que lle resulte de aplicación, mediante a subscripción da correspondente addenda ao presente convenio ou cláusula modificadora, logo dos informes e autorizacións preceptivas.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando a dotación financeira asignada para a execución da estratexia de desenvolvemento local participativo varíe como consecuencia de modificacións no orzamento do PAC 2023-2027 de Galicia; da reprogramación solicitada polo GDR e aceptada pola Axencia; da non liberación da porcentaxe que sobre os fondos públicos totais asignados á intervención Leader de Galicia do ritmo de execución da citada estratexia; da redistribución de fondos entre estratexias dos GDR; da incorporación de créditos a exercicios posteriores ou calquera outra modificación orzamentaria á que se refire este convenio, entenderase modificada sen necesidade de tramitación específica, agás que algunha das modificacións requiran autorización do Consello da Xunta de acordo coa normativa vixente, en cuxo caso recadarase autorización de dito órgano.

Ademais, as modificacións normativas comportarán a modificación deste convenio sen necesidade da mesma tramitación específica.

VIXÉSIMO CUARTA.- Publicidade.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos que identifican as persoas asinantes.

Así mesmo, o GDR acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

VIXÉSIMO QUINTA.- Compatibilidade das axudas a favor do GDR.

1. Os gastos correspondentes ás axudas reguladas neste convenio que teñen como persoa beneficiaria o propio GDR (gastos de xestión e avaliación da estratexia, animación, formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio e cooperación Leader) non poderán ser cofinanciadas mediante a contribución dos Fondos Estruturais, do Fondo de Cohesión ou de calquera outro instrumento financeiro da Unión.
2. O importe da axuda recibida non poderá superar, en concorrencia con outras axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades destinadas á mesma finalidade, o 100% do custo das actuacións subvencionables.
3. A obtención de axudas vulnerando este réxime de compatibilidade poderá dar lugar á tramitación dun procedemento de reintegro das cantidades indebidamente percibidas, xunto aos intereses correspondentes, sen prexuízo da apertura dun procedemento sancionador.

VIXÉSIMO SEXTA.- Comisión de seguimento.

As actuacións realizadas polas entidades que asinan este convenio coordinaranse por medio dunha comisión mixta de seguimento da que formará parte un representante nomeado por cada unha das partes asinantes. Este órgano, que está presidido pola persoa titular da Dirección xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ou persoa en quen delegue, co obxecto de realizar un seguimento do convenio, así como analizar e estudar as actividades levadas a cabo. Tamén servirá para establecer criterios interpretativos sobre as cuestións e conflitos que puidesen xurdir en relación coa aplicación deste convenio, así como coa modificación dos cadros financeiros que se acompaña como Anexo II ao presente convenio.

VIXÉSIMO SÉTIMA.- Carácter e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza xurídico administrativa e está excluída do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. No seu defecto, os principios establecidos





na citada Lei resultarán de aplicación para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas a que poida dar lugar a interpretación e cumprimento do presente Convenio, finalizada a vía administrativa, quedarán sometidas ao coñecemento e resolución da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E en proba de conformidade, asínase o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

María José Gómez Rodríguez

Vidal Martínez-Sierra López

(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

O presidente do GDR-01
"Asociación Terras de Miranda"





ANEXO I

ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

O ámbito xeográfico de actuación do GDR "Asociación GDR 1 Asociación Terras de Miranda" está conformado polos 14 concellos que se relaciona a continuación:

- ALFOZ
- BARREIROS
- BURELA
- CERVO
- FOZ
- LOURENZA
- MONDOÑEDO
- OUROL
- RIBADEO
- TRABADA
- VALADOURO (O)
- VICEDO (O)
- VIVEIRO
- XOVE





ANEXO II

a.- Cadro financeiro e Fontes de financiación (€)

GDR-01 "ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA"

	Total gasto público	FEADER	XUNTA	AXE
Importe programado para operacións a favor de terceiras persoas	1.422.084,71 €	1.137.667,77 €	56.883,39 €	227.533,55 €
Importe total axuda asignada ao GDR	638.907,63 €	511.126,10 €	25.556,31 €	102.225,22 €
Total	2.060.992,34 €	1.648.793,87 €	82.439,70 €	329.758,77 €

b.- Cadro financeiro da axuda asignada ao GDR por anualidades (€)

GDR-01 "ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA"

Anualidade	FEADER	AXE	XUNTA	TOTAL
2024	43.397,69 €	8.679,54 €	2.169,88 €	54.247,11 €
2025	155.909,47 €	31.181,89 €	7.795,48 €	194.886,84 €
2026	155.909,47 €	31.181,89 €	7.795,48 €	194.886,84 €
2027	155.909,47 €	31.181,90 €	7.795,47 €	194.886,84 €
TOTAL	511.126,10 €	102.225,22 €	25.556,31 €	638.907,63 €





ANEXO III. TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DO GDR

Apartado 1. Obxecto e finalidade

É obxecto do presente Anexo regular o procedemento de aprobación dos proxectos de cooperación presentados polos GDR, así como a xustificación e pago da axuda dirixida a financiarlos.

O artigo 33 do Regulamento (UE) 2021/1060, establece como tarefas exclusivas dos GDRs, entre outras, a elaboración dun procedemento e os criterios de selección, así como a selección das operacións e a determinación do importe da axuda, incluíndo os proxectos referidos á cooperación Leader.

Serán obxecto desta liña de axudas os proxectos nos que este GDR participe, como coordinador ou como socio, destinados a fomentar a cooperación entre os GDR, tanto a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto de España ou da Unión Europea, que teñan intereses comúns nun determinado ámbito, sempre relacionado co desenvolvemento local Leader e con vistas a favorecer a aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos.

A tipoloxía das actuacións de cooperación ao abeiro da intervención 7119_Loader no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 comprende:

- a) Actuacións de cooperación intraterritorial: proxectos nos que participen exclusivamente os GDR da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Actuacións de cooperación interterritorial: proxectos nos que participen un ou varios GDRs doutras comunidades autónomas do Reino de España e, como mínimo, un GDR da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Actuacións de cooperación transnacional: Proxectos nos que participen un ou varios grupos doutros Estados membros da Unión Europea ou doutros países e, como mínimo, un GDR da Comunidade Autónoma de Galicia.

Apartado 2. Beneficiarios

Poden ser beneficiarios destas axudas os GDR que cumpran os requisitos seguintes no momento de presentar a solicitude:

- a) Que foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na xestión da Intervención Leader de Galicia 2023-2027.
- b) Que firmaran o convenio de colaboración coa Axencia, e que o convenio estea vixente.
- c) Que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.





- d) Que se comprometan a destinar as dotacións financeiras asignadas exclusivamente á preparación e realización das actividades de cooperación.
- e) Que dispoñan dos medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo de forma adecuada, tanto técnica como economicamente, as tarefas correspondentes.
- f) Que participen a título de coordinador ou cooperante nun proxecto de cooperación correspondente ao período de programación 2023-2027.

Apartado 3. Período de subvencionabilidade, prazo de execución e de imputación

Terán a condición de custes subvencionables amparados polo presente convenio os gastos de cooperación efectuados dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 5 de novembro de 2027.

A execución poderá iniciarse a partir da data da presentación da solicitude de aprobación da actuación e finalizará o 5 de novembro de cada ano no que se distribúan as anualidades obxecto deste convenio, para os gastos que deban imputarse con cargo a cada unha das citadas anualidades. Nun proxecto que conte con varias anualidades, os gastos executados a partir do 5 de novembro do ano n , poderán ser imputados con cargo ao orzamento da anualidade $n+1$, excepto na última anualidade.

Apartado 4. Características da subvención

As axudas que correspondan por cada proxecto de cooperación, tanto a favor do GDR que sexa coordinador do proxecto, como a favor dos GDR da Comunidade Autónoma de Galicia que participen como socios, terá carácter de subvención de capital, cun límite máximo do 100% de porcentaxe de axuda sobre o gasto elixible e finalmente xustificado.

A axuda máxima situarase en 150.000 euros por proxecto de cooperación.

A axuda non terá, en principio, a consideración de axuda de estado, aínda que cando o destinatario último da subvención sexa unha empresa ou calquera outra entidade que realice unha actividade económica e/ou que poida influír na libre competencia, estará suxeita aos límites establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, en cuxo artigo 3 se indica que o importe total das axudas de minimis concedidas por un mesmo Estado membro a un único beneficiario non poderá superar os 300.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. As entidades beneficiarias da subvención serán as responsables de levar o control do cumprimento do





límite establecido, debendo requirir a correspondente declaración responsable doutras axudas solicitadas e concedidas das empresas beneficiarias finais da axuda, acerca de calquera axuda concedida por calquera Administración para calquera actuación no exercicio actual e, en caso de ser axudas de minimis nos dous exercicios anteriores.

As actuacións de cooperación interterritorial e transnacional suxeitaranse á normativa e procedementos que, no seu caso, se estableza a nivel nacional e/ ou comunitario.

Apartado 5. Marco financeiro

A dotación orzamentaria da que dispón o GDR para actuacións de cooperación Leader, representará unha porcentaxe correspondente a un mínimo do 5% da asignación total que lle corresponde a este GDR, e que vén establecida no punto 1 da cláusula décimo primeira deste convenio.

Apartado 6. Actuacións obxecto de subvención

1. Nas actuacións de cooperación serán subvencionables os gastos de preparación, así como os gastos correspondentes á súa realización, tanto comúns como individuais, pero sempre que deriven da acción conxunta.

2. Só serán imputables ás actuacións de cooperación subvencionadas os gastos realizados no territorio dos GDR que formen parte do proxecto de cooperación. Unicamente se poderán imputar aos proxectos de cooperación gastos relativos a un ámbito territorial máis amplo do correspondente aos GDR galegos seleccionados cando se trate de gastos moi concretos e descritos no proxecto presentado, e sempre que contén coa autorización previa da Axencia.

3. Poderán imputarse ao proxecto de cooperación, na proporción correspondente, os gastos de salario, axudas de custe, desprazamento do persoal con vínculo contractual ou de representación do GDR e os gastos xerais dos GDR que sexan necesarios para a adecuada preparación e execución do proxecto. Estes gastos serán acordados e cuantificados polos respectivos órganos de decisión dos citados GDR.

4. Poderán imputarse ao proxecto de cooperación os gastos que se identifiquen especificamente no proxecto, os cales serán aprobados pola Axencia. En particular, serán subvencionables os seguintes gastos:

- a. Gastos relacionados co apoio técnico preparatorio dos proxectos de cooperación: son os gastos efectuados para a preparación do proxecto de cooperación, desde a data da





aprobación da estratexia de desenvolvemento local ata a data de presentación da solicitude de axuda. Poderán incluírse os seguintes gastos relacionados coa axuda preparatoria: gastos de planificación previa e busca de socios, incluíndo gastos de desprazamento, aloxamento e manutención necesarios; gastos de estudos de viabilidade e consultaría específicos para o deseño e preparación do proxecto; gastos relativos á organización e/ou participación en accións de sensibilización, xuntanzas, encontros, incluíndo, no seu caso, gastos de tradución e intérpretes. Estes gastos de axuda preparatoria non poderán superar o 10% do custe total do proxecto.

b. Os gastos de execución do proxecto de cooperación e os gastos de coordinación do mesmo. Estes gastos deberán referirse a accións do proxecto, co máximo detalle e especificando se se trata de gastos relativos a accións comúns dos GDRs participantes no proxecto ou a accións individuais dun GDR ou entidade colaboradora. Os gastos en accións comúns deberán supoñer polo menos o 25% do gasto elixible do proxecto e poderán consistir nos seguintes:

- Gastos do persoal contratado "ad hoc" para a realización da actividade ou, no seu caso á coordinación, seguimento e avaliación dos resultados do proxecto, sempre e cando estea xustificado pola natureza do proxecto e sexa necesario para o bo fin do mesmo. O persoal deberá ser tecnicamente apto e cumprir os requisitos recollidos na cláusula décimo terceira, e xustificadamente elixido para a execución dos traballos realizados.
- As axudas de custe correspondente aos gastos de desprazamento, manutención e aloxamento do persoal dedicado ao proxecto de cooperación. Para as axudas de custo en territorio nacional aplicaranse o réxime e as contías previstas na Administración autonómica galega para o grupo 2º, tanto se a actividade ten lugar no territorio de Galicia como fóra. Para as axudas de custo que poidan ter lugar fora do territorio, nacional aplicaranse o réxime e as contías previstas para o grupo 2º no anexo III do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou, se é o caso, na normativa que a substitúa. Estes gastos por axudas de custe serán subvencionables para as persoas do equipo técnico con vínculo contractual co GDR e para bolseiros e/ou para persoal contratado "ad hoc" para o proxecto de cooperación. O uso do vehículo particular limitarase á contía máxima por quilómetro percorrido prevista na normativa da Administración Autonómica galega para o persoal ao seu servizo. Os desprazamentos deberán estar xustificadas e relacionados directamente co proxecto de cooperación, e computaranse desde a sede do GDR ata o destino e viceversa.





5. Inversións, incluído o arrendamento financeiro con opción de compra que se leve a cabo no ámbito xeográfico do GDR ou dos GDRs participantes no proxecto de cooperación que sexan da Comunidade Autónoma de Galicia e que se consideren necesarios para a adecuada consecución dos obxectivos do proxecto. Para os gastos en arrendamentos financeiros con opción de compra será subvencionable o valor da opción de compra, excepto a marxe do arrendador, xuros dos custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros, polo período de vida útil do activo e sen superar o custo de mercado ou a parte proporcional se o contrato finaliza antes. Unicamente serán subvencionables os pagos aboados polo arrendatario ao arrendador dentro do período de subvencionabilidade dos gastos nos casos nos que se exerza o dereito á opción de compra dentro deste período. Para estes efectos, considérase que o período de subvencionabilidade dos gastos finaliza o día que remata o prazo de execución e xustificación da operación subvencionada.

6. Gastos de publicidade sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos na cláusula oitava apartado 14.

Apartado 7. Gastos non subvencionables

Considéranse gastos non subvencionables os seguintes:

- a) A adquisición de terreos e a adquisición, construción, acondicionamento e/ou reforma de inmobles.
- b) O IVE recuperable, e calquera gravame, interese, recarga, sanción, gasto de procedementos xudiciais, ou gasto de natureza similar.
- c) Gastos xerais e de funcionamento dos GDR participantes que non estean directamente relacionados co proxecto de cooperación.
- d) A adquisición de vehículos.
- e) Os gastos notariais e de rexistro de gastos periciais para a realización do proxecto.
- f) Gastos asociados a atencións protocolarias, indemnizacións por asistencia a xuntanzas dos órganos de decisión do GDR, e retribucións dos seus cargos.
- g) Os pagos realizados en metálico.
- h) Os gastos correspondentes a GDRs e entidades colaboradoras doutras comunidades autónomas.
- i) Os gastos de persoal que superen o 70% dos gastos elixibles do proxecto.
- j) Os gastos de amortización de bens inventariables.





- k) Calquera outro gasto que, a xuízo da Axencia, non estea relacionado coa posta en marcha ou a execución de proxecto de cooperación.
- l) Os gastos de procedementos xudiciais.
- m) Os investimentos de simple substitución, agás se a nova adquisición corresponde a equipos distintos dos anteriores, pola tecnoloxía utilizada, polo seu rendemento ou por unha antigüidade superior a 10 anos.

Apartado 8. Contido mínimo e requisitos das actuacións de cooperación Leader.

1. As accións incluídas nas actuacións de cooperación poderán ser:
 - a) Accións individuais: aquelas nas que só participe un GDR.
 - b) Accións comúns: aquelas nas que polo menos participen dous GDRs.
2. As actuacións de cooperación deberán ter o seguinte contido mínimo:
 - a) A identificación do GDR coordinador, e do GDR coordinador específico para Galicia no seu caso, así como dos demais Grupos cooperantes e das entidades colaboradoras se as houbese.
 - b) Unha exposición clara das capacidades, deficiencias e potencialidades da zona, ámbito ou sector de aplicación.
 - c) Os obxectivos específicos perseguidos mediante a súa aplicación e como se articulan coas políticas de desenvolvemento rural, coas estratexias xestionadas polos GDRs e cos obxectivos do resto de participantes.
 - d) A estratexia prevista para alcanzar os obxectivos.
 - e) As conclusións sobre a coherencia e valor engadido das actividades propostas e a repercusión que terán sobre o medio ambiente e sobre os grupos de mulleres, mozos ou outros colectivos que merezan unha especial consideración na zona.
3. As actuacións deben cumprir os seguintes requisitos:
 - a) Implicarán a posta en común de ideas, coñecementos, recursos humanos e materiais, incluídos os financeiros, tendentes á consecución dun obxectivo de interese compartido e mediante a execución das accións que se consideren necesarias.
 - b) Os seus obxectivos deberán ser coherentes cos obxectivos definidos nas respectivas estratexias de desenvolvemento local Leader, así como nos plans de cooperación das mesmas.





- c) Deberán respectar os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de non discriminación.
- d) Deberán implicar a execución dunha acción en común. Os gastos preparatorios de estudos ou intercambio de información poderán ter a consideración de fase previa, pero non de proxecto de cooperación como tal. A cooperación non se poderá limitar a un intercambio de experiencias e deberá supoñer a realización dunha acción común integrada.
- e) Promoverán a participación dos sectores socioeconómicos do territorio, tanto públicos como privados, afectados polos fins e obxectivos do proxecto.

4. Para a selección das actuacións de cooperación e para a confección do plan de cooperación, os GDR deberán ter en conta algún ou algúns dos seguintes criterios ou circunstancias:

- a) Se como consecuencia da actuación de cooperación se produce a implantación dun servizo inexistente para a economía e/ou para a poboación ou ben a comercialización dun produto inexistente no ámbito territorial dalgunha das zonas de actuación.
- b) Incidencia do proxecto de cooperación, de maneira directa ou indirecta, na creación de emprego ou no mantemento do tecido produtivo do territorio.
- c) Incidencia do proxecto de cooperación na conservación e valorización do ambiente, así como na conservación e valorización do patrimonio natural e cultural.
- d) Implicación no proxecto de entidades públicas ou privadas que contribúan ao financiamento do proxecto e á consecución dos obxectivos.
- e) Relación do proxecto con algún dos instrumentos de mobilización ou recuperación de terras regulados na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, ou normativa que a substitúa, coa finalidade da recuperación e posta en produción de terra agraria abandonada ou infraempregada, así como da recuperación demográfica do medio rural a través da fixación de poboación e a mellora da calidade de vida nos núcleos rurais.
- f) Contribución do proxecto á consecución dos obxectivos da Estratexia Europea da Granxa á Mesa e da Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030.
- g) Se o proxecto supón unha mellora nos procesos de dixitalización, colectividade e novas solucións tecnolóxicas.





Apartado 9. Documento vinculante.

O GDR coordinador, os GDRs cooperantes e, no seu caso, as entidades colaboradoras, subscribirán un convenio de colaboración ou documento vinculante co contido mínimo especificado no apartado 19 deste anexo.

Apartado 10. O GDR coordinador nas actuacións de cooperación Leader.

1. Para cada proxecto de cooperación, designarase un GDR coordinador. O GDR coordinador é o responsable final da execución do proxecto e o interlocutor coa Axencia para proporcionar toda a información requirida.
Será designado por acordo dos GDR participantes no proxecto, que debe quedar reflectido no documento vinculante que deben asinar todos os GDR participantes.
2. O GDR coordinador será o líder da execución e coordinación do proxecto de cooperación e terá asignadas as seguintes funcións:
 - a) Dirixir e coordinar o deseño do proxecto, que incluírá a preparación do documento vinculante entre os GDRs participantes, a preparación dos datos de presentación do proxecto, a súa descrición e a definición dos compromisos de cada GDR participante.
 - b) Coordinar os aspectos financeiros do proxecto. Informar sobre as solicitudes de financiamento efectuadas por cada participante e facilitar esta información ao resto de GDR e á Axencia. Comunicar a obtención, en relación con cada participante, doutras axudas, ingresos ou recursos para financiar as actividades subvencionadas.
 - c) Dirixir e coordinar todas as tarefas do proxecto que son responsabilidade de cada GDR, co fin de asegurar a correcta implementación do conxunto.
 - d) Promocionar e controlar o proxecto en todos os seus aspectos (técnicos, execución financeira, de participación, etc.).
 - e) Controlar o progreso da execución do gasto efectuado, organizar intercambios entre os GDRs e preparar os documentos necesarios.
 - f) Revisar o cumprimento dos compromisos asumidos por cada participante ata a correcta realización do proxecto.
 - g) Dirixir e coordinar a fase posterior á execución; en particular, o peche dos aspectos financeiros, e a promoción e divulgación á poboación.
 - h) Constituír a canle de comunicación entre os GDRs e a Axencia. En particular, enviar todas as informacións recibidas con respecto ao proxecto nas dúas direccións.





- i) Elaborar e presentar o informe final do proxecto, (e un informe intermedio se fose o caso), que debe conter como mínimo un breve resumo do mesmo, a execución orzamentaria de cada GDR participante e a total do proxecto, as actuacións executadas, os obxectivos alcanzados e o impacto do proxecto no territorio.
- 3. En caso de proxectos de carácter interterritorial ou transnacional nos que o GDR coordinador non sexa un GDR da Comunidade Autónoma de Galicia, designarase a un GDR coordinador específico para Galicia que si o sexa e que asuma as funcións e responsabilidades do GDR coordinador na parte do proxecto de cooperación financiado ao abeiro da cooperación Leader de Galicia para o período 2023-27.
- 4. Os GDRs coordinadores deberán buscar os socios participantes e elaborar unha solicitude na que conste polo menos a descrición do proxecto, obxectivos, actuacións previstas, prazo de execución, presuposto aproximado e financiación do proxecto. A solicitude así completada remitirase á Autoridade de Xestión nacional ou rexional para a súa aprobación previa.

Os proxectos previamente aprobados pola Autoridade de Xestión nacional ou rexional do GDR coordinador, remitiranse aos grupos participantes, que a súa vez solicitarán a aprobación das súas Autoridades de Xestión respectivas.

A documentación final coas conformidades de tódalas Autoridades de Xestión nacional ou rexional, será remitida polo GDR coordinador á súa Autoridade de Xestión rexional para a aprobación final.

- 5. Para a realización das actuacións de cooperación, cada GDR asume os seus propios gastos, e os gastos comúns distribúense entre os socios participantes tal e como determine cada actuación concreta.

No caso de que o GDR coordinador contara para o exercicio das súas funcións de coordinación con entidades públicas ou privadas que -pola súa especialización, dotación técnica, ámbito supracomarcal de actuación ou obxectivos- poidan contribuír eficazmente á correcta execución do proxecto, estas colaboracións formalizaranse mediante un convenio entre o GDR coordinador e a entidade elixida. Esta colaboración deberá contar coa aprobación do resto de grupo cooperantes.





En relación aos gastos subvencionables, comprobarase que só se subvencionaron os gastos correspondentes aos GDRs participantes no proxecto de cooperación aprobado e que correspondan a gastos derivados da actuación conxunta e do funcionamento das estruturas comúns de cooperación.

Apartado 11. Os GDRs cooperantes ou socios nas actuacións de cooperación.

1. O GDR cooperante é o GDR que participa activa e economicamente nas actuacións de cooperación e que, a tal fin, subscribe o documento vinculante que o regula.
2. Son obrigas de cada GDR cooperante:
 - a) Tomar parte nas accións das actuacións.
 - b) Facerse responsable dos seus compromisos fronte ao resto de GDRs cooperantes e fronte ao GDR coordinador, de acordo co documento vinculante que teñan asinado. Comunicar ao GDR coordinador as tarefas que son da súa responsabilidade con carácter previo á súa execución e facilitar a labor de coordinación do GDR cooperante, especialmente a promoción e control de todos os aspectos correspondentes á súa parte do proxecto (técnicos, de execución financeira, de participación, etc.) e á súa parte do informe final do proxecto.
 - c) Asumir a responsabilidade administrativa e financeira das operacións que leve a cabo.
 - d) Facilitar o seu plan de financiamento do proxecto e levar a cabo as negociacións para conseguir as achegas financeiras necesarias no seu ámbito territorial, así como informar ao GDR coordinador das solicitudes de financiamento e da obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
 - e) Conservar todos os documentos contables xustificativos do gasto efectuado, así como a información sobre o financiamento do proxecto, e facilitalos ás autoridades competentes.
 - f) Dar publicidade á participación da Unión Europea e da Axencia nos proxectos nos que participen e nas actuacións que dos mesmos se deriven.

Cada GDR disporá da documentación xustificativa suficiente das accións individuais e da súa contribución ás accións comúns levadas a cabo pola súa participación no proxecto, así como, no seu momento, dunha memoria final de actividades e unha certificación final.





Apartado 12. Entidades colaboradoras no proxecto.

1. Nos proxectos de cooperación aos que se refire este anexo tamén poderán colaborar as entidades locais, fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís ou empresarios individuais, organizacións empresariais e, en xeral, calquera persoa física ou entidade con personalidade xurídica que efectúe unha achega económica ao proxecto ou manifeste o seu interese, estatutario ou adoptado, para contribuír ao seu desenvolvemento.
2. O acordo de participación e o compromiso de financiamento deberán quedar reflectidos no documento vinculante previsto no apartado dezanove deste anexo.
3. As entidades colaboradoras do proxecto non teñen a consideración de beneficiarias da subvención.

Apartado 13. Presentación das solicitudes de aprobación de cada unha das actuacións de cooperación Leader.

1. Para cada actuación de cooperación presentárase unha soa solicitude de aprobación, xunto coa actuación de cooperación e o documento vinculante. A solicitude será subscrita polo GDR coordinador, ou polo GDR coordinador específico para Galicia no seu caso, no seu propio nome e en representación dos Grupos cooperantes que reúnan os requisitos para ser beneficiarios. A solicitude de aprobación do proxecto dirixirase á Axencia, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia para este fin.

O prazo de presentación de solicitudes para esta actuación estará aberto dende o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de cada ano.

O GDR coordinador, ou no seu caso o GDR coordinador específico para Galicia, deberá presentar, xunto coa solicitude de aprobación da dita actuación, un informe control de elixibilidade (ICE) en modelo normalizado, que será obxecto de informe de verificación por parte da Axencia.

No caso de actuacións de cooperación interterritoriais ou transnacionais, a información presentada na solicitude de aprobación do proxecto corresponderá á parte do proxecto





cuxa execución estea previsto que efectúen os GDRs da Comunidade Autónoma de Galicia participantes.

2. O impreso de solicitude de aprobación da actuación incluírá as declaracións responsables sobre os aspectos que se relacionan a continuación, que o GDR coordinador, a través do seu representante, ratificará mediante a firma da solicitude:
 - Que a conta bancaria que recolle o impreso de solicitude, onde se debe ingresar o importe da axuda, pertence ao beneficiario da axuda.
 - Que os GDRs solicitantes non están sometidos ás causas que impidan adquirir esa condición, establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Que as copias achegadas durante calquera fase do procedemento reproducen de xeito fidedigno os documentos orixinais correspondentes.
 - Que cantos datos figuran na solicitude son certos e que se compromete coa Administración, no momento e forma en que esta indique, a achegar a documentación precisa para a resolución da súa solicitude.
3. Xunto coa solicitude de aprobación da actuación, o GDR coordinador do mesmo deberá presentar a seguinte documentación:
 - a) Documentación acreditativa da representación da entidade solicitante.
 - b) Descrición e resumo da actuación co contido mínimo que se detalla no apartado 20 deste anexo.
 - c) Un documento vinculante, co contido mínimo que se detalla no apartado 19 deste anexo, que estea subscrito polo GDR coordinador, os GDRs cooperantes e no seu caso, as entidades colaboradoras.
 - d) Desagregación dos gastos por cada GDR participante e por concepto de gasto.
 - e) No seu caso convenios con terceiros.
 - f) Calquera outra documentación que se considere de interese para a descrición e valoración do proxecto.





Apartado 14. Verificación por parte da Axencia Galega de desenvolvemento Rural e control de elixibilidade.

A Axencia verificará:

- a) A admisibilidade dos beneficiarios no proxecto de cooperación, tanto a nivel de GDR coordinador como de GDR participantes no proxecto.
- b) Os criterios de admisibilidade da acción proposta.
- c) A localización do investimento en territorio elixible.
- d) A xustificación da viabilidade técnica e financeira.
- e) A elixibilidade dos investimentos propostos.
- f) Os compromisos e as obrigas que debe cumprir a operación para a cal se solicita a axuda.

Unha vez instruída a solicitude de aprobación de cada actuación presentada polo GDR coordinador, a Axencia elaborará un informe de verificación ou non verificación sobre o ICE presentado polo GDR coordinador, ou, no seu caso, o GDR Coordinador específico para Galicia. No caso de que este informe revista carácter favorable, poderá procederse á presentación da conta xustificativa que proceda con cargo á anualidade correspondente, segundo as condicións que se establezan no ICE verificado pola axencia.

Apartado 15. Obrigacións dos GDR participantes en cada actuación de cooperación Leader.

En particular, os GDR que resulten beneficiarios da axuda dunha actuación de cooperación aprobada pola Axencia, deberán:

- a) Cumprir o obxectivo, executar a actuación ou realizar a actividade que fundamentou a aprobación da dita actuación, de conformidade coa documentación presentada na solicitude e coas condicións sinaladas na resolución de concesión.
- b) Garantir a permanencia dos investimentos e o cumprimento da finalidade da actuación durante polo menos 5 anos a contar dende a data de notificación da resolución de pagamento final da actuación.
- c) Comunicar á Subdirección de Relacións cos GDR, a través do GDR coordinador ou, no seu caso, do GDR coordinador específico para Galicia, calquera eventualidade que poida





alterar ou dificultar o desenvolvemento das actuacións subvencionadas, co fin de que poida modificarse o contido ou a contía da resolución, que en todo caso necesitará autorización da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. A comunicación deberá realizarse, como máximo, no prazo dun mes desde que o beneficiario teña coñecemento da eventualidade.

- d) Comunicar de inmediato á Subdirección de Relacións cos GDR da Axencia e, en todo caso con anterioridade á xustificación, calquera subvención, axuda ou ingreso que para a mesma finalidade e de calquera procedencia solicitase ou lle fora concedida ou pagada.

Apartado 16. Prazo de xustificación

A data límite de presentación ante a Axencia da conta xustificativa correspondente aos gastos que se imputen con cargo a cada anualidade será a do 5 de novembro de cada ano.

Apartado 17. Forma de xustificación das actuacións de cooperación Leader aprobadas pola Axencia .

1. O GDR coordinador, ou o GDR coordinador específico para Galicia no seu caso, centralizará toda a información financeira e xustificativa da actuación, e presentará a solicitude de pagamento ante a Axencia, segundo o modelo normalizado, na forma que se describe neste apartado e no prazo de execución e xustificación establecido ao efecto. Na dita solicitude, indicaranse os gastos preparatorios da actuación e especificaranse claramente as actuacións conxuntas e as individuais, coa nomenclatura, estrutura e orzamento do proxecto aprobado e, no seu caso, a distribución destes gastos que se imputan aos Grupos cooperantes que participasen na execución do proxecto.
2. Deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos que, no seu caso, complementan a axuda en cada actuación de cooperación.
3. A xustificación da axuda adoptará a forma de conta xustificativa, á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para xustificar as actividades realizadas, presentaranse documentos orixinais das facturas correspondentes cun comprobante de pago. A data das facturas e xustificantes de pago deberá situarse dentro do prazo máximo para a xustificación da actuación de cooperación. Os xustificantes deben





indicar con toda claridade a que conceptos do orzamento previsto, presentado na solicitude e aceptados na resolución de concesión de axuda, se refiren.

4. Cada GDR asume os seus propios gastos, distribuíndose os gastos comúns entre todos os socios participantes. No convenio deberá quedar establecida claramente que gastos son comúns e en que porcentaxe se distribúen entre os GDRs participantes. Cada GDR asume os gastos individuais e o importe que lle corresponda dos gastos comúns en cada proxecto de cooperación, con cargo aos fondos que teña dispoñibles no cadro financeiro do seu respectivo convenio de colaboración asinado coa Axencia.

O procedemento de facturación e pago dos gastos comúns será o seguinte: a factura emitirase a nome do GDR coordinador, ou no seu caso o GDR designado coordinador para Galicia, que realizará o pago da factura completa e, cando este sexa autorizado pola Axencia, enviará unha carta de requirimento de pago aos socios do proxecto acompañada dunha copia cotexada da factura, do comprobante da transferencia bancaria e o seu reflexo na contabilidade do GDR; facendo constar o importe correspondente a cada socio na porcentaxe que a cada un lle corresponda segundo o convenio. A continuación, cada GDR participante na actuación, procederá ao pago do importe na porcentaxe acordada, ao GDR coordinador, ou no seu caso, ao GDR designado coordinador para Galicia.

Nos supostos nos que por diversas causas, non sexa posible a realización do procedemento indicado no parágrafo anterior, será factible realizar a facturación da seguinte forma: o presuposto global poderá realizarse a nome do GDR coordinador, ou no seu caso o GDR designado como coordinador para Galicia, e no momento do pago, o proveedor poderá emitir ademais da factura, os duplicados necesarios da mesma, de acordo co artigo 14 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e que permite que se emitan duplicados no caso de que nunha mesma achega de bens ou prestación de servizos concorresen varios destinatarios. Neste caso deberá consignarse no orixinal e en cada un dos duplicados a porción de base impositible e a cota repercutida a cada un deles.

A forma na que se vaia a realizar a facturación deberá quedar establecida no convenio de cooperación correspondente a cada proxecto.

De calquera xeito, o pagamento das axudas (correspondente a gastos individuais e gastos comúns segundo a porcentaxe acordada no convenio de cooperación) será realizado directamente polo organismo pagador a cada un dos GDR galegos participantes no proxecto,





con cargo ao orzamento correspondente ao cadro financeiro de cada GDR que figura establecido nos respectivos convenios de colaboración asinados coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

5. A conta xustificativa conterá a seguinte documentación:

a) Unha memoria técnica sintética, de carácter executivo, da actuación xustificativa do cumprimento das condicións inherentes ao proxecto, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, incluíndo como anexos, no seu caso, copia dos estudos e informes subvencionados.

b) Unha memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá:

1.º Unha relación clasificada dos gastos da actuación de cooperación, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (data de valor bancario).

2.º Os xustificantes dos gastos anteriores mediante a achega das facturas ou documentos acreditativos do gasto efectuado.

3.º Os xustificantes de pago dos gastos e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia anteriormente, debidamente indexados e ordenados. Os xustificantes de pago consistirán en documentos bancarios que inclúan ao titular da conta, o proveedor ao que se realiza o pago e a data de valor, con acreditación das cantidades xiradas. Dos cheques emitidos ou dos pagarés realizados presentárase unha copia e a comprobación de que foron efectivamente compensados na conta do pagador. Os documentos de remesa indicarán claramente a factura pagada, o pago realizado e o perceptor do mesmo e validaranse mediante selado da entidade bancaria ou mediante código de verificación.

4.º Tres ofertas de diferentes provedores, segundo modelo normalizado que para este fin facilite á Axencia, o cal deberá presentar data anterior á da contracción do compromiso para a adquisición do ben ou da prestación do servizo. No caso de que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, esta circunstancia deberá ser xustificada expresamente nunha memoria perfectamente detallada, sendo





a demostración fidedigna desta circunstancia unha condición necesaria para que o gasto poida ser admitido.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria técnica, similar á sinalada no parágrafo anterior, a razón da escolla cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Deberá presentarse tamén unha declaración sobre a veracidade das ofertas solicitadas e da non vinculación entre os GDR e os provedores, segundo modelo normalizado que para este fin facilite á Axencia.

As ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministro dos bens ou servizos incluídos na oferta, salvo na compra de terreos e edificacións.
- b) Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- c) Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada e cuantificada das unidades de obra que inclúe; no caso de subministro de maquinaria e equipamentos, a súa marca, modelo e características técnicas; e no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar a exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables nos que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente





mediante un informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado no que se determine xustificadamente o seu valor de mercado.

5.º No caso de investimentos en estudos, proxectos técnicos, libros, folletos, etc., deberá achegarse un exemplar en soporte informático que permita a súa difusión.

6.º Informe gráfico dos investimentos.

7.º Declaración doutras axudas, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia.

8.º Permisos, inscricións, autorizacións e /ou licenzas requiridas pola normativa (só para o pago final).

9.º Certificados do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que o promotor se opoña expresamente á súa consulta pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

10.º. No seu caso, xustificación do emprego creado, xunto coa seguinte documentación xustificativa:

- Copia dos contratos de traballo correspondentes aos empregos creados.
- Acreditación da calidade e/ou tipoloxía do emprego creado, nos termos previstos nos criterios de selección aplicados ao expediente.

11.º. A documentación específica que se sinale no ICE verificado pola Axencia.

6. Para a identificación dos equipos subvencionados remitirase unha relación segundo modelo normalizado que facilite a Axencia.

7. A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao que resulta do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

As facturas selaranse indicando a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada pola subvención.

8. As facturas e os xustificantes acreditativos do pago, así como toda a documentación do expediente de xustificación, deben ir a nome do GDR beneficiario da axuda.





9. Para a xustificación dos gastos obxecto desta axuda, será esixible, en función do tipo de gasto imputado, a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, aos GDRs pola súa condición de poderes adjudicadores que non teñen a condición de Administración Pública.

Apartado 18. Proporcionalidade.

1. Cando o cumprimento polo GDR beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total da actividade á que se comprometeu no documento vinculante e resulte acreditada por este unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a Axencia determinará a contía que corresponda pagar, atendendo ao principio de proporcionalidade e aos seguintes criterios:

- a) O grado de cumprimento da finalidade do proxecto.
- b) O nivel de execución final sobre o total prevista para o proxecto.
- c) Calquera outro criterio que deba ser apreciado segundo as circunstancias do caso concreto e a natureza da axuda.

2. En relación co período de permanencia dos compromisos derivados da aprobación de cada proxecto de cooperación, tendo en conta o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se o incumprimento atinxe ao mantemento do ben, da operación subvencionada ou ao compromiso de mantemento de emprego, a cantidade que se reintegrará será proporcional ao tempo de incumprimento, ata acadar os 3 anos, sempre e cando non se produza o incumprimento no primeiro ano de compromiso posto que neste caso procederá o reintegro total da axuda.

3. O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Apartado 19. Contido mínimo do documento vinculante

1. Datos identificativos dos participantes, incluíndo entidades colaboradoras.
2. Obxecto do acordo. O obxecto do documento vinculante será formalizar as relacións entre os GDRs, incluíndo a designación do coordinador e os detalles da súa actuación interna. Deberá estar asinado por todos os GDRs e, no seu caso, polas entidades colaboradoras.





3. Datos básicos da actuación de cooperación, incluíndo polo menos título, finalidade, sector ou subsector no que se desenvolve e os resultados esperados.
4. GDR coordinador da actuación. Os GDRs acordarán a designación dun coordinador do proxecto, que será o interlocutor único coa Axencia. Naquelas actuacións nas que participen GDRs de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, designarase un GDR coordinador específico dos GDRs galegos. O documento regulará as funcións e responsabilidades do GDR coordinador.
5. Contribucións dos participantes para a execución da actuación; as contribucións incluírán o compromiso financeiro.
6. Responsabilidades e obrigas dos participantes.
7. Causas de forza maior. Ningún dos participantes será responsable por incumprimento ou cumprimento inapropiado de calquera das obrigas previstas no acordo, se demostra que o incumprimento se produciu por causas de forza maior.
8. Confidencialidade. Cada participante comprométese a protexer toda a información obtida do acordo vinculante ou relacionada co mesmo e a non dala a coñecer a terceiros. Cada participante será responsable pola divulgación da información de carácter confidencial, fóra dos casos nos que esta divulgación se realice dentro do estipulado no acordo. Poderase revelar información confidencial a terceiros previo consentimento por escrito dos membros da actuación.
9. Duración, vixencia, modificación e terminación do acordo.
10. Publicidade e comunicación.
11. Litixios.
12. Compromisos.
13. Plan de financiamento.

Apartado 20. Descrición e resumo da actuación de cooperación

ACTUACIÓN DE COOPERACIÓN ENTRE GDR: CONTIDO E ESTRUCTURA





1	DESCRICIÓN XERAL
1.1	Denominación da actuación:
1.2	Xustificación da actuación:
1.3	Obxectivos xerais e específicos:
1.4	Relación das actividades que se propoñen realizar:
1.5	Descrición do valor engadido que supón realizar a actuación e que se conseguirá coa execución das actividades de forma conxunta:
1.6	Resultados previstos para a actuación de cooperación en todos os territorios participantes e a súa contribución á corrección de desequilibrios ambientais, socioeconómicos, culturais, laborais, etc.:
1.7	Ámbito xeográfico de aplicación da actuación. Relación de concellos:
1.8	Prazo de execución: cronograma mensual desagregado por actividades
1.9	Orzamento da actuación de cooperación, desagregado por anualidades en función do prazo previsto de execución:





1.10	Fases da actividade			
	Anualidade 1	Anualidade 2	Anualidade 3	Anualidade 4
Asistencia técnica	Importe:	Importe:	Importe:	
Execución da actuación	Importe:	Importe:	Importe:	Importe:
2	INCIDENCIA E EFECTOS DA ACTUACIÓN DE COOPERACIÓN			
2.1	Sectoros cara os que van dirixidas as accións e actividades proxectadas, segmentos da poboación afectados ou sectores económicos sobre os que a actuación actúa de forma directa ou indirecta:			
2.2	Incidencia da actuación sobre sectores específicos da poboación tales como mulleres, mozos e outros grupos de especial consideración:			
2.3	Contribución da actuación aos obxectivos horizontais da política europea de desenvolvemento rural: Medio ambiente, cambio climático e innovación.			
3	COORDINACIÓN DA ACTUACIÓN DE COOPERACIÓN			
3.1	GDR coordinador da actuación:			
3.2	Xustificación da súa participación e do seu papel como coordinador da actuación:			
3.3	Descrición das funcións e compromisos asumidos polo GDR coordinador:			





4	INFORMACIÓN DOS GRUPOS COOPERANTES NO PROXECTO (cubrir unha ficha por cada grupo cooperante)
4.1	Denominación do GDR:
4.2	Xustificación da súa participación na actuación:
4.3	Actividades nas que vai participar
4.4	Compromiso económico por fonte de financiamento, no seu caso
5	ENTIDADES COLABORADORAS
6	EQUIPO TÉCNICO PREVISTO PARA A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN
7	SISTEMAS DE RELACIÓN E COMUNICACIÓN ENTRE OS GRUPOS PARTICIPANTES NA ACTUACIÓN E MECANISMOS PARA A POSTA EN COMÚN DAS ACCIÓNS PROGRAMADAS:
8	SISTEMA DE CONTROL DA EXECUCIÓN COORDINADA DA ACTUACIÓN:
9	SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DOS RESULTADOS. (Establecemento de indicadores):
10	ACCIÓNS PREVISTAS PARA A PROMOCIÓN DA ACTUACIÓN E PARA A SÚA DIVULGACIÓN Á POBOACIÓN:





11	PLAN DE TRABALLO POR ACCIÓNS*: INFORMACIÓN DETALLADA E PARTICULARIZADA DAS ACCIÓNS CONCRETAS E ORZAMENTO DAS MESMAS. (Encher unha ficha por acción común ou individual)	
ACCIÓN COMÚN Nº		
Denominación e descrición**		
GDR responsables***		
Ámbito de execución.		
Período de execución		
Orzamento de cada grupo		
GDR 1		
GDR 2		
GDR n		
ACCIÓN INDIVIDUAL Nº		
Denominación e descrición		
GDR responsable		
Ámbito de execución		
Período de execución		
Orzamento		





*En caso necesario definírase as accións secundarias en que se subdivide unha acción principal, indicando o cronograma previsto para a súa execución.

**A descrición deberá ter o suficiente detalle para poder verificar a moderación de custos da actividade.

***Definírase a participación de cada grupo na acción.





ANEXO IV. TRAMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN PARA INCREMENTAR A EMPREGABILIDADE DA POBOACIÓN ACTIVA DO TERRITORIO DO GDR

Apartado 1. Obxecto e finalidade

É obxecto do presente Anexo regular o procedemento de tramitación das actuacións de formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR, así como a xustificación e pago da axuda dirixida a financeiros.

Apartado 2. Beneficiarios

Poden ser beneficiarios destas axudas os GDR que cumpran os requisitos seguintes no momento de presentar a solicitude:

- a) Que foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na xestión da Intervención Leader de Galicia 2023-2027.
- b) Que firmaran o convenio de colaboración coa Axencia, e que o convenio estea vixente.
- c) Que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Que a súa estratexia inclúa a realización de actuacións de formación.

Apartado 3. Período de subvencionalidade

Terán a condición de custes subvencionables amparados polo presente convenio, os gastos de formación para incrementar a empregabilidade da poboación activa do territorio do GDR, efectuados dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 5 de novembro de 2027.

Apartado 4. Solicitude e prazo de execución

Para cada anualidade, e antes do 1 de febreiro de cada ano, o GDR presentará ante a Axencia, a solicitude do importe máximo que requiran para atender ós gastos de formación, no marco dos fondos dispoñibles para a anualidade no presente convenio.

Para as actuacións de formación, o GDR deberá presentar ante a Axencia os correspondentes informes técnicos de elixibilidade (ICE) ata o 15 de outubro de cada anualidade. Ditos ICE serán obxecto de informe de verificación por parte da Axencia.





Poderán presentarse ICE con cargo á anualidade n+1 a partir do 15 de outubro da anualidade n, sempre que estea autorizada a distribución de gastos para a anualidade n+1, excepto na última anualidade.

A execución poderá iniciarse a partir da data da presentación da solicitude de aprobación do proxecto e finalizará o 5 de novembro de cada ano no que se distribúan as anualidades obxecto deste convenio, para os gastos que deban imputarse con cargo a cada unha das citadas anualidades. Considérase a aprobación do proxecto, a verificación favorable do ICE por parte da Axencia.

Apartado 5. Características da subvención

1. Serán subvencionables os proxectos, promovidos polo GDR, que se dirixan especificamente á poboación activa do ámbito territorial do GDR, coa finalidade de mellorar a capacitación para o emprego tanto por conta propia como por conta allea.
2. A dotación orzamentaria que o GDR poderá dispoñer para proxectos de formación da poboación activa do territorio representará unha porcentaxe dun máximo do 1 % da asignación total que lle corresponde a este GDR, e que vén establecida no punto 1 da cláusula décimo primeira deste convenio.
3. A intensidade da axuda para actuacións de formación poderá acadar o 100%.
4. Os gastos imputables limitaranse ás tarifas vixentes para o persoal formador dos cursos oficiais organizados pola Consellería do Medio Rural.
5. Non será subvencionable a formación non presencial nin os gastos de desprazamento e/ou axudas de custo do alumnado.
6. O GDR deberá comunicar á Axencia por escrito as datas, horarios e lugar exacto da realización efectiva de cada unha das actividades formativas, sempre cunha antelación mínima de 10 días naturais á data de inicio dos citados cursos, para os efectos de que o persoal da Axencia poida presentarse en calquera momento nas actividades formativas. Por outra parte, na xustificación de xornadas formativas deberase achegar copia dos temas tratados, relación de asistentes coas sinaturas correspondentes, diplomas asinados, conclusións, así como dossier de prensa con fotografías, se é o caso, e calquera outro documento que achegue evidencia da súa celebración, así como a acreditación do control





diario de asistencia mediante a recollida dos correspondentes partes asinados polo alumnado e polo persoal formador.

7. Para as actuacións de formación e axudas de custo do persoal docente, así como para os gastos por desprazamentos, serán de aplicación as contías máximas que se establezan para o Grupo 2º na resolución do 24 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia ou normativa que o substitúa.

Apartado 6. Prazo de xustificación

A data límite de presentación ante a Axencia da conta xustificativa correspondente aos gastos que se imputen con cargo a cada anualidade será a do 5 de novembro de cada ano.

Apartado 7. Xustificación das actuacións e pago

1. Para os proxectos cuxos ICES sexan verificados favorablemente pola Axencia, os gastos correspondentes a actuacións de formación, serán executados e xustificados polo GDR presentando a seguinte conta xustificativa:

- a) Solicitud de pagamento, segundo modelo normalizado que para estes efectos facilite a Axencia, xunto cunha memoria técnica sintética, de carácter executivo, descritiva da actividade formativa realizada.
- b) Unha memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá:
 - 1.º Unha relación clasificada dos gastos da actividade formativa, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (data de valor bancario).
 - 2.º Os xustificantes dos gastos anteriores mediante a achega das facturas ou documentos acreditativos do gasto efectuado.





3.º Os xustificantes de pago dos gastos e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia anteriormente, debidamente indexados e ordenados. Os xustificantes de pago consistirán en documentos bancarios que inclúan ao titular da conta, o proveedor ao que se realiza o pago e a data de valor, con acreditación das cantidades xiradas. Dos cheques emitidos ou dos pagarés realizados presentárase unha copia e a comprobación de que foron efectivamente compensados na conta do pagador. Os documentos de remesa haberán de indicar claramente a factura pagada, o pago realizado e o perceptor do mesmo e validaranse mediante selado da entidade bancaria.

4.º Tres ofertas de diferentes provedores, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia, que deberán presentar na data anterior á da aceptación do compromiso para prestación do servizo.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria técnica, similar á sinalada no parágrafo anterior, a razón da escolla cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Deberá presentarse tamén unha declaración sobre a veracidade das ofertas solicitadas e da non vinculación entre os GDR e os provedores, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia.

Débesse respectar a moderación de custos propostos. As ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a prestación dos servizos incluídos na oferta.
- Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa, a data de expedición e unha descrición detallada dos servizos ofertados.
- Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.





5º Certificados do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que o promotor se opoña expresamente á súa consulta pola Axencia.

6ª A documentación específica que se sinala no ICE verificado pola Axencia. Non se aceptarán facturas nin xustificantes acreditativos do pago con data posterior á data límite para xustificar os investimentos que se establece no punto 1 desta cláusula .

7º Declaración responsable de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.

8º Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

9ª Informe detallando os temas tratados, relación de asistentes coas sinaturas correspondentes, conclusións, así como dossier de prensa con fotografías, se é o caso, e calquera outro documento que achegue evidencia da súa celebración.

2. O GDR deberá empregar rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados, no que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de axudas para a formación.





ANEXO V TRAMITACIÓN DAS AXUDAS DE XESTIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA

Apartado 1. Obxecto e finalidade

Estas actuacións consisten, fundamentalmente, na subvencionabilidade dos gastos necesarios nos que incorra o GDR para a xestión, seguimento e avaliación da estratexia de desenvolvemento local participativo.

Apartado 2. Beneficiarios

Poden ser beneficiarios destas axudas os GDR que cumpran os requisitos seguintes no momento de presentar a solicitude:

- a) Que foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na xestión da Intervención Leader de Galicia 2023-2027.
- b) Que firmaran o convenio de colaboración coa Axencia, e que o convenio estea vixente.
- c) Que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Que a súa estratexia inclúa gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.

Apartado 3. Período de subvencionalidade

3.1.- Terán a condición de custes subvencionables amparados polo presente convenio, os gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, efectuados dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 5 de novembro de 2027.

3.2.- Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento, agás os gastos nos que incorra o GDR nos tres meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior. Esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa.

Apartado 4. Solicitude

Anualmente, e antes do 1 de febreiro de cada ano, o GDR presentará ante a Axencia, a solicitude do importe máximo que requiran, no marco dos fondos dispoñibles no presente convenio, para atender os gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.





Apartado 5. Características da subvención

1. Os custes das actuacións para a xestión, seguimento e avaliación da estratexia poderán ser subvencionados directamente ata o 100% dos custes elixibles.
2. De acordo co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) n.º 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, o importe total de axuda para financiar os gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia e para animación non poderá superar o 25 % do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local participativo.

Apartado 6. Gastos subvencionables:

Establécense as seguintes categorías de custes subvencionables:

1. CUSTES DIRECTOS DE PERSOAL:

1.1.- Consisten no salario neto do equipo xestor do GDR, nas correspondentes retencións do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e nas cotizacións á Seguridade Social do GDR e do seu equipo xestor.

1.2.- Os salarios brutos máximos imputables á estratexia non poderán superar os importes reflectidos na táboa seguinte (en todos os casos, no suposto de xornada completa e prorrateándose no seu caso os importes para o caso de contratos a tempo parcial):

POSTO	SALARIO BRUTO MÁXIMO IMPUTABLE Á ESTRATEXIA
XERENTE	50.000,00 euros
TÉCNICO/A	40.000,00 euros
PERSONAL ADMINISTRATIVO/A	30.000,00 euros

1.3.- Os salarios brutos máximos imputables á estratexia poderán ser actualizados cada ano en función da taxa de variación anual do IPC do mes de decembro do ano anterior.

2. CUSTES INDIRECTOS:

Consisten nas subministracións exteriores, entendendo por tales as seguintes partidas:





- Material funxible.
- Gastos relativos á sede do GDR (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, electricidade, internet, etc.).

3. CUSTES DIRECTOS DISTINTOS AOS DE PERSOAL:

Correspóndense co resto de gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia, non incluídos nas categorías anteriores:

- Gastos de asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da estratexia.
- Compra ou aluguer de equipamentos, material informático, vía telemática e de reprografía, material de oficina e similar.
- Gastos vinculados ao traballo en rede.
- Gastos referidos á constitución de pólizas que sexan necesarios para a tramitación e concesión correspondentes á axuda pública destinados aos gastos correntes e de animación do GDR.
- Gastos correspondentes a actividades formativas do equipo xestor do GDR.
- Gastos relacionados con estudos e consultarías relacionados directamente coas actuacións de cooperación.
- Gastos derivados do aluguer de instalacións, equipamentos ou "renting" dun vehículo do GDR, para a realización de desprazamentos relacionados coas funcións propias do GDR por parte dos membros do equipo xestor.
- Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da Axencia, tales como os gastos de representación institucional ata un importe máximo de 1.500 euros por ano, axudas de custo e desprazamento ou gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GDR. As axudas de custo en territorio nacional aplicarase o réxime e as contías previstas na Administración autonómica galega para o Grupo 2º, tanto se a actividade ten lugar no territorio de Galicia como fóra. Ás axudas de custo fóra do territorio nacional aplicarase o réxime e as contías previstas para o Grupo 2º no anexo III do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou, se é o caso, na normativa que o substitúa.

Apartado 7. Gastos non subvencionables

Non serán elixibles os gastos excluídos conforme á normativa xeral aplicable e en particular:

- a. Os gastos por despedimentos improcedentes.





- b. Os xuros debedores das contas bancarias, nin os xuros, as recargas, as sancións administrativas e penais.
- c. O IVE recuperable, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación segundo a normativa nacional vixente.
- d. Os gastos que se deriven de procedementos xudiciais que afecten aos GDR.
- e. Os pagos realizados en metálico.
- f. A compra de terreos, de inmobles e de equipos de segunda man.
- g. A compra de vehículos.
- h. Os gastos de persoal alleo ao GDR.

Apartado 8. Prazo de xustificación

A data límite de presentación ante a Axencia da conta xustificativa correspondente aos gastos que se imputen con cargo a cada anualidade será a do 5 de novembro de cada ano.

Apartado 9. Xustificación das actuacións e pago

1. En liña co disposto no artigo 56.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021, aplicarase a modalidade de financiamento a tipo fixo dos custes subvencionables distintos aos custes directos de persoal: "Para cubrir os custes subvencionables restantes dunha operación, poderá utilizarse un tipo fixo de ata o 40% dos custes directos de persoal subvencionables. O Estado Membro de que se trate non está obrigado a efectuar cálculo algún para determinar o tipo aplicable".

2. O tipo fixo elixido é do 30%, a aplicar sobre os custes directos de persoal para cubrir os custes subvencionables restantes para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia. Así pois, os GDR xustificarán os custes directos de persoal, aboándose a maiores un 30%, para cubrir o resto de custes directos (distintos de persoal), así como os custes indirectos, hasta o límite do orzamento que cada GDR teña autorizado en cada anualidade para gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia.

Non obstante, esixirase xustificación documental dos pagos e gastos realizados, para as actuacións en materia de xestión, avaliación e seguimentos ao que están obrigados a realizar en virtude da normativa aplicable.





3. A Axencia pagará os gastos correspondentes á xestión, seguimento e avaliación da estratexia, do seguinte xeito:

Os gastos serán executados e xustificados polo GDR presentando a seguinte conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento, segundo modelo normalizado que para estes efectos facilite a Axencia, no que se especifique claramente o importe de axuda solicitado e a relación de gastos en materia de persoal que se imputen.
- b) Declaración responsable de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.
- c) Certificacións acreditativas de estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social no caso de que o GDR se opoña a súa consulta por parte da Axencia.
- d) Nóminas do persoal do GDR, TC e xustificantes da práctica do ingreso a conta do IRPF retido.
- e) Informe das actividades de traballo en rede realizadas e dos resultados obtidos.
- f) No suposto de imputación de bens inventariables, reportaxe fotográfica e acta de control de investimentos.
- g) No suposto de material publicitario ou de reprografía, copia ou proba documental do mesmo.
- h) Cadro detallado cos custes de persoal, segundo modelo facilitado pola Axencia.

O GDR deberá dedicar o 100% da axuda que reciba para as actuacións de xestión, seguimento e avaliación da estratexia á intervención 7119 Leader. En relación a este aspecto presentárase un certificado da persoa representante legal da entidade no que se acredite que a axuda se destinou á dita finalidade.

Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.





ANEXO VI. TRAMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE ANIMACIÓN

Apartado 1. Obxecto e finalidade

É obxecto do presente Anexo regular o procedemento de tramitación das actuacións de animación para a promoción e difusión da EDLP e do seu territorio de actuación, así como a xustificación e pago da axuda dirixida a financiarlas.

Apartado 2. Beneficiarios

Poden ser beneficiarios destas axudas os GDR que cumpran os requisitos seguintes no momento de presentar a solicitude:

- a) Que foran seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia na xestión da Intervención Leader de Galicia 2023-2027.
- b) Que firmaran o convenio de colaboración coa Axencia, e que o convenio estea vixente.
- c) Que estean ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Que a súa estratexia inclúa a realización de actuacións de animación.

Apartado 3. Período de subvencionalidade

Terán a condición de custes subvencionables amparados polo presente convenio, os gastos de animación relacionados coa xestión da EDLP, efectuados dende o 1 de xaneiro de 2024 e ata o 5 de novembro de 2027.

Apartado 4. Solicitude e prazo de execución

Para cada anualidade, e antes do 1 de febreiro de cada ano, o GDR presentará ante a Axencia, a solicitude do importe máximo que requiran para atender aos gastos de animación, no marco dos fondos dispoñibles para a anualidade no presente convenio.

Para as actuacións de animación, o GDR deberá presentar ante a Axencia os correspondentes informes técnicos de elixibilidade (ICE) ata o 15 de outubro de cada anualidade. Ditos ICE serán obxecto de informe de verificación por parte da Axencia.

Poderán presentarse ICE con cargo á anualidade n+1 a partir do 15 de outubro da anualidade n, sempre que estea autorizada a distribución de gastos para a anualidade n+1, excepto na última anualidade.





A execución poderá iniciarse a partir da data da presentación da solicitude de aprobación do proxecto e finalizará o 5 de novembro de cada ano no que se distribúan as anualidades obxecto deste convenio, para os gastos que deban imputarse con cargo a cada unha das citadas anualidades, considérase a aprobación do proxecto, a verificación favorable do ICE por parte da Axencia.

Apartado 5. Características da subvención

1. Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local, o GDR deberá executar actuacións de animación e de promoción da estratexia e do territorio. No marco das actuacións de animación, os GDR poderán promover actividades do seguinte tipo:

- a) Difusión da estratexia no territorio de actuación.
- b) Encontros, xornadas, seminarios, congresos.
- c) Estudos, informes, publicacións.
- d) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.
- e) Viaxes, presenza en feiras e eventos.
- f) Sinalizacións turísticas, de acordo co convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia e que sexa de aplicación para as actividades turísticas no medio rural durante o período de programación 2023-27.
- g) Rutas.
- h) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación e accións conxuntas.
- i) Valorización do patrimonio cultural inmaterial.
- j) Accións de sensibilización para difundir as condicións medioambientais do territorio, así como os efectos negativos do cambio climático e as posibles accións de mitigación que se adopten no territorio.

En ningún caso se poderán realizar actividades ou actos de promoción de calquera tipo que supoñan unha promoción directa e específica para calquera empresa ou grupo de empresas, con cargo a actuacións de animación e promoción da estratexia e do territorio do GDR.

2. De acordo co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) n.º 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, o importe total de axuda para financiar os gastos de xestión, seguimento e avaliación da estratexia e para animación non





poderá superar o 25 % do gasto público total en que se incorra no marco da estratexia de desenvolvemento local participativo.

3. A intensidade da axuda para os gastos de animación poderá acadar o 100%.

Apartado 6. Prazo de xustificación

A data límite de presentación ante a Axencia da conta xustificativa correspondente aos gastos que se imputen con cargo a cada anualidade será a do 5 de novembro de cada ano.

Apartado 7. Xustificación das actuacións e pago

1. Para os proxectos cuxos ICES sexan verificados favorablemente pola Axencia, os gastos de animación, serán executados e xustificados polo GDR presentando a seguinte conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento, segundo modelo normalizado que para estes efectos facilite a Axencia, xunto cunha memoria técnica sintética, de carácter executivo, descritiva da actividade realizada.
- b) Unha memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá:

- 1.º Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (data de valor bancario).
- 2.º Os xustificantes dos gastos anteriores mediante a achega das facturas ou documentos acreditativos do gasto efectuado.
- 3.º Os xustificantes de pago dos gastos e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia anteriormente, debidamente indexados e ordenados. Os xustificantes de pago consistirán en documentos bancarios que inclúan ao titular da conta, o proveedor ao que se realiza o pago e a data de valor, con acreditación das cantidades xiradas. Dos cheques emitidos ou dos pagarés realizados presentárase unha copia e a comprobación de que foron efectivamente compensados na conta do pagador. Os documentos de remesa haberán de indicar claramente a factura pagada, o pago





realizado e o perceptor do mesmo e validaranse mediante selado da entidade bancaria.

4.º Tres ofertas de diferentes provedores, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia, que deberán presentar na data anterior á da aceptación do compromiso para prestación do servizo.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria técnica, similar á sinalada no parágrafo anterior, a razón da escolla cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Deberá presentarse tamén unha declaración sobre a veracidade das ofertas solicitadas e da non vinculación entre os GDR e os provedores, segundo modelo normalizado que facilite a Axencia.

Débese respectar a moderación de custos propostos. As ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a prestación dos servizos incluídos na oferta.
- Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa, a data de expedición e unha descrición detallada dos servizos ofertados.
- Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

5º Certificados do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que o promotor se opoña expresamente á súa consulta pola Axencia.

6ª A documentación específica que se sinale no ICE verificado pola Axencia. Non se aceptarán facturas nin xustificantes acreditativos do pago con data posterior á data límite para xustificar os investimentos que se establece no punto 1 desta cláusula .

7º Declaración responsable de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo gasto.





8º Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

2. O GDR deberá empregar rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados, no que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de animación e cos gastos de axudas para a formación.

CLÁUSULA FINAL.- Eficacia do presente convenio

1. O contido da presente modificación será aplicable dende a data da súa sinatura.
2. Non obstante, o importe dos salarios máximos brutos imputables á estratexia de acordo co previsto no Anexo V apartado 6.1.2, serán aplicables aos gastos elixibles na anualidade 2025, de acordo co previsto no Anexo V apartado 3.2, e seguintes.

